DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de MARZO de 2016

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o mércores, 30 de marzo de 2016, ás 12:00 horas

Actas

1. Toma de posesión do deputado do Partido Popular, don Manuel Rivas Caridad.

* Declaración institucional da Deputación da Coruña contra a expulsión de persoas refuxiadas a Turquía.

* Declaración institucional da Deputación da Coruña sobre Ferroatlántica

* Declaración institucional sobre o proxecto de investigación mineira denominada Isabela II.

2. Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 2/16, do 26 de febreiro.

3. Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da núm. 4251 á número 6.450, de 2016

4. Comunicación do cambio de portavoz do Grupo Popular da Deputación.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

5. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua para financiar o Correlingua 2015-2016.

6. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para financiar o programa Tíralle da Lingua 2015.

7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o programa de concertos do ano 2013 na Coruña e en Santiago de Compostela.

Comisión de Deportes e Mocidade

8. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Motociclista Teo para financiar a organización da proba FIM Trial World Championship.

Comisión de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero

9. Aprobación do convenio convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Liga Reumatolóxica Galega para financiar o Programa terapéutico do fomento da autonomía.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Camariñas para financiar a XXV Mostra do Encaixe de Camariñas.

11. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE.CCA) para financiar o proxecto Plan de promoción e dinamización do comercio local para a campaña de Nadal 2015.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

12. Aprobación da corrección efectuada no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais.

13. Aprobación do texto e formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos para a cesión de uso de espazos do antigo colexio A Milagrosa.

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

14. Aprobación do Plan de sendas peonís 2016, primeira fase.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

15. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Baña para o financiamento da obra de mellora e conservación dos accesos a San Vicenzo.

16. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para o financiamento da obra de Camiño de Portobrea, a empacadora Sogama e outros.

17. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento da obra de conservación e mellora da pista polideportiva do CEIP Sofía Casanova.

18. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría para o financiamento da obra de reparación e acondicionamento da Casa Consistorial do Concello de Dumbría.

19. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría para o financiamento da obra de acceso a Gris (Berdeogas).

20. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Fisterra para o financiamento da obra de reforma de infraestruturas en San Martiño de Arriba.

21. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mazaricos para o financiamento da subministración de equipamentos para o ximnasio municipal.

22. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Neda para o financiamento da obra de pavimentación do camiño da fervenza do Belelle.

23. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Negreira para o financiamento da obra de aglomerado e formación de rede de saneamento de augas pluviais na rúa Nelson Mandela e Vilachán e aglomerado nun treito da rúa Rosalía de Castro.

24. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes para o financiamento da obra de acondicionamento do pavillón polideportivo existente e engadido de ximnasio.

25. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rois para o financiamento da obra de arranxo de interiores nas aldeas de Fontedelo, Fufelo, Vilar de Castro e Figueroa.

26. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rois para o financiamento da obra de arranxo de interiores na aldea de Cornes.

27. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de San Sadurniño para o financiamento da obra de ellora da seguridade viaria na vía municipal entre a AC-862 a DP-4905.

28. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Touro para o financiamento da obra de reposición da tubaxe e abastecemento en Andeade,Cornado,Touro e outros.

29. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vedra para o financiamento da obra de mellora e acondicionamento do local social de San Mamede de Ribadulla.

30. Aprobación do proxecto modificado da obra da rede de traída de augas na parroquia de Couso e mellora de capa de rodaxe de camiños rurais na parroquia de Erbecedo, do Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0056.0.

31. Aprobación do proxecto modificado da obra *de* mellora de capa de rodaxe de camiños rurais nas parroquias de Oca, Seavia, Verdes, San Paio, Xaviña e outros, no Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0059.0.

32. Aprobación do proxecto modificado da obra da nova estación de bombeo no Golpiño por incorporación de seis novos bombeos en Meirás, Lago e Sequeiro, no Concello de Valdoviño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0197.0

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

33. Aprobación da información sobre o período medio de pagamento a provedores ao que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de febreiro de 2016.

34. Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se aproban os plans orzamentarios a medio prazo 2017-2019.

35. Toma de coñecemento do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

36. Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/2016.

37. Aprobación da toma de coñecemento da liquidación do orzamento do exercicio 2015 do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.

38. Toma de coñecemento da acta da comisión liquidadora dos estados contables procedentes da recadación do exercicio 2014.

39. Aprobación da modificación do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama para 2016.

40.-Aprobación da modificación da base 28ª das de execución do orzamento provincial para 2016 que regula os contratos menores.

41.-Renuncia de don José Luis Fernández Mouriño á sua condición de deputado provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE MARZO DE 2016

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de marzo de 2016, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

D. JAVIER CAÍNZOS VÁZQUEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
Dª. CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA	PP
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
Dª Mª ROCIO FRAGA SANZ	MAREA ATLÁNTICA
Dª. Mª ÁNGELA FRANCO POUSO	BNG
D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL	PP
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
Dª. SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	ALTERNATIVA VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO	PP
Dª MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
Dª. Mª GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supevía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1. TOMA DE POSESIÓN DO DEPUTADO DO PARTIDO POPULAR, DON MANUEL RIVAS CARIDAD.

Sr. Secretario

Consta na Secretaría Xeral certificación da credencial expedida polo presidente da Xunta Electoral Central, na que se acredita que foi designado deputado provincial, don Manuel Rivas Caridad, en substitución, por renuncia, de don Carlos Negreira Souto, por figurar como suplente nas listas de candidatos presentadas polo Partido Popular ás eleccións locais do 24 de maio de 2015.

Ademais, don Manuel Rivas Caridad formulou declaración sobre causas de posible incompatibilidade sobre os seus bens patrimoniais e sobre aquelas actividades que lle proporcionan ou lle poden proporcionar ingresos económicos. Reúne, polo tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputado provincial.

A continuación, don Manuel Rivas Caridad entra no salón de sesións, e toma posesión do seu cargo, xurando o seu desempeño e lendo a fórmula, séndolle imposta seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de Deputado provincial.

Sr. Secretario

Hai tres declaración institucionalis, todas elas asinadas por todos os grupos políticos.

A primeira é a declaración institucional da Deputación da Coruña contra a expulsión de persoas refuxiadas a Turquía.

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA CONTRA A EXPULSIÓN DE PERSOAS REFUXIADAS A TURQUÍA

O pasado 18 de marzo a Unión Europea e Turquía confirmaron o acordo anunciado polo que milleiros de persoas refuxiadas serán deportadas a Turquía, que se converte así nun muro de contención e nun enorme espazo de acampamento sen solución nin futuro. Europa evita así recibir milleiros de persoas a fuxiren da guerra de Siria ou dos conflitos de Irak, Libia, Afganistan ou outros países. Turquía recibe a cambio 6 000 millóns de euros e importantes vantaxes políticas e económicas.

A contestación a esta crise está a ter gran relevancia, tanto no conxunto de Europa como no Estado español e en Galicia, para esixir que se cumpran os acordos internacionais no que se refire aos Dereitos Humanos en xeral e ao Dereito de asilo especificamente.

Esta crise demanda da nosa acción conxunta, sensible, solidaria e responsable. A política de asilo e migración debe ser unha política común no marco da UE, que debe contar co compromiso de todos os estados membros, a colaboración cos países de tránsito e orixe, e a coordinación con terceiros estados.

O Estado español tamén debe demostrar a súa disposición a contribuír na acción conxunta da UE, tanto no compromiso de reasentamento, como nos esforzos para definir uns procedementos acordes coa situación e o incremento de fondos destinados a este fin. Todo isto no marco do compromiso coa defensa da paz e os dereitos humanos e co cumprimento da legalidade como base para a efectividade de todos os dereitos.

Por todo isto, a Deputación da Coruña:

1.- Manifesta a súa oposición ao acordo entre a Unión Europea e Turquía e a calquera outro que estableza expresa ou indirectamente a posibilidade de proceder a expulsións colectivas a territorio turco, ou a calquera estado non membro da UE.

2.- Esiximos o cumprimento da legalidade internacional e de respecto aos Dereitos Humanos, incluídos os requisitos da lexislación europea de asilo. Esta lexislación ten que garantir que exista a certeza de que se respecte o principio de non devolución, que as persoas poidan solicitar o estatuto de persoa refuxiada, e no caso de selo, recibir protección de acordo á Convención de Xenebra ou con garantías equivalentes mediante o dereito interno, o que inclúe tamén o acceso aos dereitos económicos e sociais garantidos pola Convención.

3.- Esixe que se reforcen os mecanismos de control sobre o efectivo destino da axuda económica a favor das persoas refuxiadas.

4.-Solicita ao Goberno central que se continúe coa posta en marcha, en colaboración co resto dos estados membros, de accións necesarias para a efectiva relocalización das persoas solicitantes de asilo ou refuxio, en atención aos compromisos adquiridos polo Estado español en 2015 no seo da UE.

5.-Solicita ás institucións públicas competentes que se estude unha revisión da cantidade de persoas refuxiadas para acoller pola UE en función da evolución da crise nos últimos meses.

6.- Demanda que se promova, en liña co solicitado por diversas organizacións non gobernamentais e internacionais, o establecemento de vías adicionais seguras de chegada e reasentamento das persoas refuxiadas, tales como visados humanitarios, reagrupación familiar, bolsas etc.

7.- Considera imprescindible que a UE axude aos países europeos de recepción e de tránsito, asegure vías seguras e legais, aumente operacións de rescate e salvamento no mar.

8.- Considera necesario que se promovan no seo da UE, de maneira urxente e efectiva, medidas de protección para individuos en risco, especialmente os/as menores sen familiares que se encarguen deles/as ou mulleres vítimas de violencia sexual ou de xénero.

9.- Demanda que no vindeiro Consello Europeo e no conxunto institucional da UE se comunitarice a política de asilo, converténdose así nunha política europea común, e que se desenvolva o Sistema Europeo de Asilo.

10.- Esta declaración trasladarase ao presidente en funcións do Goberno español e ao presidente da Xunta de Galicia."

A segunda declaración fai referencia a Ferroatlántica, e o acordo é o seguinte:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE FERROATLÁNTICA

A Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas legalmente adecuadas para evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroaleacións por parte de Ferroatlántica, sen que estas afecten os fluxos de enerxía eléctrica que deberán respectar as exixencias regulamentariamente establecidas para a adecuada operación do sistema eléctrico.
2. Esixir a Ferroatlántica o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo na factoría de Cee.
3. Solicitar que os postos de traballo que se derivan da xestión, administración, contabilidade e explotación da división de Enerxía, recaian no centro de traballo de *Cee-Dumbría-Centrales Hidroeléctricas*, como así foi desde sempre, na historia de Carburos Metálicos."

A terceira declaración institucional é sobre o proxecto de investigación mineira denominada Isabela II.

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN MINEIRA DENOMINADA ISABELA II

A Resolución do 4 de febreiro de 2013, da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, quen resolveu favorablemente a admisión definitiva da solicitude presentada o 20 de xuño de 2011, no Rexistro Único da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na Coruña, pola sociedade Grupo M-FM 2001, S.L., de permiso de investigación mineira de recursos da sección C), Isabela II, número 7121,de 156 cuadrículas mineiras, situado nos termos municipais de Zas, Santa Comba, Vimianzo e Coristanco, na provincia da Coruña (DOG nº. 9, do 15 de xaneiro de 2016) e somete este a información pública.

O proxecto de investigación afecta a 4.368 hectáreas, máis do 90% situadas no concello de Zas. Fálase dun investimento de 548.000 euros en tres anos con 34 sondaxes directas, 100 calicatas e numerosas rozas sen definir.

A solvencia técnica e profesional do promotor é cando menos dubidosa o administrador único da sociedade, cun capital social de 3,8 millóns, tamén o é dun grupo de pequenas construtoras, inmobiliarios e empresas extractivas. Entre estas figura Tico SA, que fora acusada pola Fiscalía por danos ambientais no Parque Rexional do Sureste da Comunidade de Madrid. Por outra banda, non acredita a solvencia económica e financeira e, por tanto, o tempo transcorrido desde a presentación da certificación financeira, deixa esta sen valor. Trátase dunha empresa pequena que non acredita dispor dos medios técnicos suficientes para desenvolver a súa actividade, e que consta no CNAE 4110 coa actividade de promoción inmobiliario (informe Axesor de data 05/11/2015) e xestión inmobiliario.

O permiso de investigación proxectado de Isabela II excede, nada menos que nun 1040%, o límite de 15 cuadrículas establecido na lei de ordenación da minaría de Galicia, sen que se xustifique en ningún momento cal é a excepcionalidade que posibilita unha superación tan anormal do límite establecido. Non se axusta ao criterios das melloras técnicas dispoñibles, xa que opta por procedementos comúns en proxectos de investigación mineira desta natureza, nin se basea na súa natureza estratéxica ou do seu interese para a economía galega. Moi ao contrario, no punto 12 do proxecto, o interese que xustifican é o da propia empresa que, como indica textualmente no proxecto "Sobre estas 156 cuadrículas mineras, GRUPO M-FM 2001, S.L., quiere realizar labores de investigación con el objetivo de localizar esas reservas que garanticen su desarrollo futuro y aseguren su crecimiento como empresa minera".

A falta de solvencia económica do proxecto é tamén patente, posto que incide no aumento do 543% do prezo do metal precioso de 2000 a 2011, chegando a alcanzar os 1.886 dólares a onza (de aproximadamente 31 gramos de ouro). A día de hoxe, a cotización do ouro esta nos 1.100 dólares a onza.

Os orzamentos, obsoletos, están datados no ano 2011, e neles faise referencia a un tipo de IVE (18%) que xa non está en vigor desde hai varios anos

As 156 cuadrículas sinaladas afectan a un contorno moi humanizado, que inclúe diversas parroquias e numerosos núcleos de poboación, como Treviño no concello de Vimianzo, ou Baizana, Artón, Loroño, Vilachán, A Toxa, Penedo, Sto. Adrián de Castro, A Andregalla, Arcar, Berbia, A Costa, Follente, Zas, Vilar do Mato, Rosende, Mira, Ventoselo, Gontalde, Pedramaior, Teixidón, Carreira, Romelle, A Devesa, Vilaestévez, Vilar Ramilo, Gomarís, Lamas, Castro, A Braña,…no concello de Zas.

Ao mesmo tempo, tampouco estamos de acordo co contido e conclusións do punto 14 do proxecto de investigación pois resulta cando menos sorprendente a ausencia da máis mínima referencia ás máis que posibles afeccións negativas ao sistema hidrolóxico. O proxecto executarase sobre un territorio con densa irrigación, tanto de correntes superficiais, como principalmente de cursos subterráneos, dos que dan sinal os numerosos afloramentos en forma de fontes e mananciais dos que, en moitos casos, se abastecen vivendas e explotacións, e que poderían alterarse resultando desviados e incluso desaparecendo polos cortes das calicatas e polas perforacións.
A ampla extensión de terreo afectada destaca pola súa riqueza agrícola, forestal, silvícola, gandeira, turística e paisaxística, constituíndose en áreas territoriais idóneas actual e potencialmente para as citadas explotacións, tendo que ser por tanto, obxecto de especial protección, tal e como a realidade física dos terreos ocupados así o demostra.
Por tanto, conclúese que proxectos auríferos en zonas de baixa lei media como as comarca de Xallas, Soneira e Bergantiños carecen de sentido e non son razoables en ningún caso a nivel económico, sobre todo pola problemática socio-ambiental que implican. Son os proxectos extractivos desta índole os que poñen en cuestión a correcta e lexítima xestión que un goberno fai do interese público, xa que neles, os recursos públicos pasan a ser explotados por mans privadas sen outro fin que o seu propio beneficio económico e o enriquecemento, obtendo o interese público como contra-prestación un territorio e unha sociedade esquilmados, empobrecidos e desnaturalizados.
Asemade, a rendibilidade deste tipo de minería parte duns produtos químicos de baixo prezo, como por exemplo o cianuro, que é potencialmente tóxico e letal para os ecosistemas, polo que o medio natural que quedaría soportando unha longa hipoteca medioambiental que transcendería a varias xeracións, con solos estériles, lodos altamente tóxicos, auga contaminadas e unha paisaxe degradada e sen a flora e fauna que a caracterizan.
Consonte co anterior non ten sentido autorizar un permiso de investigación, cando a súa ulterior ou hipotética explotación non ten viabilidade nin económica, nin medioambiental, nin social.
De igual modo, convén salientar tamén que os gobernos municipais de Vimianzo, Coristanco e Zas presentaron alegacións ó proxecto, manifestando a oposición ao mesmo. No concello de Zas presentáronse 1.181 sinaturas contra deste proxecto e 307 alegacións individuais.
Por todo o anterior, o pleno da Deputación da Coruña acorda:

- Demandar da Consellería de Economía, Emprego e Industria que teña en conta as alegacións dos concellos afectados.

- Demandar da Xunta de Galicia e, particularmente da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, fomentar e apoiar a realización dentro da comunidade universitaria e científica galega, de proxectos de investigación que, como o Isabela II, teñan como obxecto un mellor coñecemento dos recursos do noso territorio."

2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚM. 2/16, DO 26 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, número 2/16, do 26 de febreiro.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA NÚM. 4251 Á NÚMERO 6.450, DE 2016

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da número 4251 á número 6450, de 2016.

4. COMUNICACIÓN DO CAMBIO DE PORTAVOZ DO GRUPO POPULAR DA DEPUTACIÓN.

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que o artigo 24 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), dispón que "da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e portavoces, o presidente daralle conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo" legalmente establecido.

Producida a substitución do portavoz do Grupo provincial Popular pola renuncia á súa condición de deputado do ata agora portavoz, don Carlos Negreira Souto, segundo escrito presentado no rexistro xeral o día 26 de febreiro de 2016, asinado polos deputados integrantes do grupo,

DOU CONTA AO PLENO

de que o "**Grupo Popular**", integrado polos/as deputados/as elixidos/as polo Partido Popular de Galicia, fixo as seguintes designacións:

Portavoz: Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Portavoces suplentes: Mariel Padín Fernández e, no seu defecto, calquera deputado/a do Grupo Popular.

5. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA PARA FINANCIAR O CORRELINGUA 2015-2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11.02.2016.

2. Aprobar a subscrición dun convenio coa Asociación Cultural Correlingua, correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Correlingua 2015-2016, por importe de 20.000 euros, cun orzamento subvencionado de 25.000 euros, de acordo co texto que se achega.

Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua para financiar o Correlingua 2015-2016

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dna. Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D. Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez, presidente da Asociación Cultural Correlingua.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A Asociación Sociocultural Correlingua, con CIF G70325683, organiza dende 2001 diversas carreiras a prol do idioma por todo o país. Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar á mocidade e aos centros de ensino a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

A Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade co artigo 36 da Lei de bases de réxime local 7/85, do 2 de abril e cos artigos 109 e 119 da Lei de Admón. local de Galicia 5/97. Así mesmo, co disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como coa Lei de normalización lingüística, do 15 de xuño de 1983, e, especialmente, coa Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Sociocultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Sociocultural Correlingua para financiar o Correlingua 2015-2016, un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

A Asociación Sociocultural Correlingua levará a cabo as actividades programadas consonte o seguinte orzamento:

1. Organización de actividades: contratación de profesionais para as festas finais do Correlingua, premios Correlingua 2016, alugueiro de equipos de son e infraestruturas necesarias para as festas finais, telefonía, desprazamentos, nóminas, gastos de coordinación …….…....12.500 €

2. Edición de material e publicitación: camisetas, balóns, carteis, CD, viseiras, faixas…….....……12.500 €

TOTAL…….....……..25.000 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos) sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas da A. C. Correlingua para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á A. C. Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á A. C. Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a A. C. Correlingua deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha de acordo con criterios de eficiencia e economía, e xustificar expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a A. C. Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da A. C. Correlingua.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á A. C. Correlingua unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da A. C. Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de xuño de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a A. C. Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de xullo de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á A. C. Correlingua para que a presente no prazo improrrogábel de 15 días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a A. C. Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola A. C. Correlingua na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a A. C. Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A A. C. Correlingua deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados, ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A A. C. Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a A. C. Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos, no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte o disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a A. C. Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a A. C. Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (RD 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da A. C. Correlingua seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Alén disto, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a A. C. Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de setembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto de 2016, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. No caso de que a A. C. Correlingua non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de xullo de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a A. C. Correlingua perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación deste convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución
de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asínano en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no encabezamento."

6. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA FINANCIAR O PROGRAMA TÍRALLE DA LINGUA 2015.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 03.03.2016.

2. Aprobar a subscrición dun convenio coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o programa Tíralle da Lingua 2015, por importe de 14.560 euros, cun orzamento subvencionado de 18.200 euros, de acordo co texto que se achega.

Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) para financiar o Tíralle da Lingua 2015

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dna. Goretti Sanmartín Rei, vicepresidenta da Deputación Provincial da Coruña.

D. Xoán Costa Casas, presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) é un movemento de renovación pedagóxica de dinamización e divulgación da nosa cultura. A AS-PG leva máis de 35 anos de traballo continuado na formación permanente do profesorado, na actualización tanto de métodos como de contidos no ensino e na edición de numerosos materiais didácticos. A AS-PG sempre traballou na procura da normalización plena da nosa lingua, tano a nivel de uso como de instrumento vehicular no ensino.

A Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 de 2 de abril, art. 36 e coa Lei de admón. Local de Galiciai 5/97, art. 5/97, art. 1098 e 199; así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu art. 5, así como coa Lei de normalización lingüística, do 15 de xuño de 1983, e, especialmente, conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A Deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas.

I. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) (CIF G15154297), para financiar o Tíralle da Lingua de 2015-2016, un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

II. Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) levará a cabo as actividades programadas consonte o seguinte orzamento:

Xornadas de Expresión Oral
Deseño, maquetación e publicidade……..……..……1.000 €
Envíos a centros……..……..800 €
Docencia…….....1.600 €
Impresión, programas e carteis……..…….….900 €
Elaboración do programa, xestión e organización..……..…1.800 €
Outros gastos…….....200 €

Concurso de Relato Oral Tíralle da Lingua
1º Premio para os/as concursantes (3 x 250)…...…….……750 €
2º Premio (3 x 150)……...450 €
Premios a centros……..……..1.200 €
Sesión de contacontos nos centros…….…..2.500 €
Dinamización e presentación do concurso……..…300 €
Impresión, maquetación e distribución da publicidade……...1.400 €
Organización e xestión…….1.900 €
Colaboración cos centros no transporte do alumnado……..…3.000 €
Outros gastos…….……..400 €

TOTAL 18.200 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 14.560,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 80 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0111/3344/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a AS-PG para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á AS-PG. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á AS-PG, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a AS-PG deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a AS-PG tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente acordado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da AS-PG.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á AS-PG unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da AS-PG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de novembro de 2015 e o 31 de maio de 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a AS-PG deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de xuño de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á AS-PG para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a AS-PG da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AS-PG na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a AS-PG terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A AS-PG deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A AS-PG destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a AS-PG deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte o disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a AS-PG poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a AS-PG queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AS-PG seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a AS-PG será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devindicados dende o día 1 de novembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionábeis os gastos devindicados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto de 2016, todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. No caso de que a AS-PG non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de xuño de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a AS-PG perderá o dereito ao cobramento do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asínano en cuadriplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.”

7. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CULTURAL ORQUESTA GAOS PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE CONCERTOS DO ANO 2013 NA CORUÑA E EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 04.03. 2016.

2. Autorizar a excepcionalidade ao principio de imputación temporal de créditos, xa que, aínda que as actividades obxecto do convenio foron realizadas no prazo previsto no convenio asinado no seu día, co número 350/2013, non foi posíbel o seu pagamento, por estarse a tramitar a modificación e prórroga deste convenio 350/2013.

3. Aprobar a subscrición dun novo convenio coa Asociación Cultural Orquesta Gaos correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e en Santiago de Compostela, por importe de 10.000,00 euros, achega que representa unha porcentaxe de financiamento do 75,459 % do orzamento subvencionado de 13.252,09 euros, de acordo co texto que se xunta.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos para financiar o Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e en Santiago de Compostela

A Coruña,

REÚNENSE

Dna. Goretti Sanmartín Rei, deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da Resolución da Presidencia núm. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Marcos Seoane Vilariño, presidente da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

EXPOÑEN

1. Que o 20 de xaneiro de 2010 e, ao amparo do disposto na Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, foi constituída a Asociación Cultural Orquesta Gaos como unha asociación de carácter cultural musical, sen ánimo de lucro, cuxos fins principais son: a cultura musical e as súas relacións coas demais artes e ser a impulsora principal da Orquesta Gaos e dos seus principios, con posibilidade de organizar concertos, cursos, conferencias, exposicións ou seminarios.

2. Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3. Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio dun ciclo de concertos da Orquesta Gaos, realizados nas cidades da Coruña e Santiago de Compostela, co obxectivo de apoiar aos/ás artistas autóctonos/as e de estimular a produción feita en Galicia.

4. Que, logo de solicitarlle á Deputación a modificación do obxecto, do orzamento e do coeficiente de financiamento previstos no convenio asinado, despois do informe do Servizo de Contratación emitido ao respecto, tendo en conta que a vixencia do convenio asinado rematou e considerando que segue a ser o criterio da Deputación o mantemento da colaboración aprobada coa Asociación Cultural Orquesta Gaos, e, por conseguinte, o financiamento do Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e en Santiago de Compostela,

Ambas as dúas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

Este convenio ten por obxecto definir as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Orquesta Gaos (CIF G70233424) para financiar o Programa de concertos do ano 2013 na Coruña e en Santiago de Compostela.

Estes concertos tiveron lugar nos meses de febreiro a novembro, de acordo co seguinte:

- 10 de febreiro, no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela: Orquesta Gaos con Mateo Arnaiz (guitarra). Obras de Joaquín Rodrigo, Bizet e Rimsky-Korsakov.
- 12 de febreiro, no Teatro Colón, na Coruña: Orquesta Gaos con Mateo Arnaiz (guitarra). Obras de Joaquín Rodrigo, Bizet e Rimsky-Korsakov.
- 11 de maio, no Auditorio de Betanzos: Orquesta Gaos con David Fernández (trompa). Obras de Weber e Beethoven.
- 12 de maio, no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela: Orquesta Gaos con David Fernández (trompa). Obras de Weber e Beethoven.
- 10 de xullo, no Teatro Colón, na Coruña: Orquesta Gaos con Antonio Romero. Obras de F. Proto y A. Dvorak.
- 21 de setembro, Pazo da Ópera, na Coruña: Gala lírica, homenaxe a Giuseppe Verdi
- 7 de outubro, no Teatro Colón, na Coruña: Orquesta Gaos con Virginia Lis. Obras de Xan Viaño, Von Weber e Stravinsky.

- 18 de novembro, no CMUS Profesional, en Culleredo. Obras de Bach, Dvorak e Stravinsky.

II. Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago

A Asociación Cultural Orquesta Gaos desenvolveu as actividades segundo se definen na cláusula anterior, consonte o seguinte orzamento:

Alugueiro/compra partituras	934,91 €
Fotocopias de partituras	860,00 €
Encadernacións	380,00 €
Escaneos	156,67 €
Desprazamentos	6.666,21 €
Transporte dos materiais	456,00 €
Seguridade do local de ensaios	2.488,30 €
Difusión(carteis e programas)	1.310,00 €
Total de gastos	**13.252,09 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación Provincial da Coruña contribúe ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 75,46 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,46 % da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334.3/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural Orquesta Gaos obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesaria para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural Orquesta Gaos.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural Orquesta Gaos, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberá elixirse unha, de acordo con criterios de eficiencia e economía, e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Cultural Orquesta Gaos unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Cultural Orquesta Gaos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento, así como as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

  Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente aos concertos sinalados na cláusula primeira.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o 30.11.2013.

2. A Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes da finalización do período de vixencia que se establece na cláusula décimo terceira do presente convenio.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Cultural Orquesta Gaos para que a presente no prazo improrrogábel de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Orquesta Gaos da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Cultural Orquesta Gaos na documentación achegada.

Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, á Asociación Cultural Orquesta Gaos terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1. A Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá acreditar, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A Asociación Cultural Orquesta Gaos destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Cultural Orquesta Gaos deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte o disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Cultural Orquesta Gaos queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 euros, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Orquesta Gaos seranlle remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Orquesta Gaos será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

O prazo de vixencia do presente convenio terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2013 e finalizará o 31 de maio de 2016 quedando condicionado á existencia de crédito na anualidade do 2016.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as dispoisicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación deste convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento."

8. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB MOTOCICLISTA TEO PARA FINANCIAR A ORGANIZACIÓN DA PROBA FIM TRIAL WORLD CHAMPIONSHIP.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta).

Votan en contra: ningún deputado

Abstense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación deste expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09.03. 2016.

2. Aprobar a subscrición dun convenio co Club Motociclista de Teo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a organización da Proba FIM Trial World Championship, por importe de 14.000 euros, cun orzamento subvencionado de 23.800 euros, de acordo co texto que se achega.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Motociclista Teo correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a organización da Proba Fim Trial World Championship

A Coruña, o

REUNIDOS

D. José García Liñares, deputado de Deporte e Mocidade, en virtude das resolucións da Presidencia núms. 2015/15671 e 2015/16642, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa area.

D. Casimiro García González, presidente do Club Motociclista Teo.

MANIFESTAN

Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e, en especial, con aqueles programas de apoio e fomento do deporte.

Que o Club Motociclista Teo é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o Club Motociclista Teo, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Motociclista Teo (CIF G70191085) para financiar a organización da Proba Fim Trial World Championship.

II. Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria

O Club Motociclista Teo desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte o seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Dereitos, taxas, seguros, cargos oficiais, cronometraxe	11. 500,00 €
Montaxe, alugueiros (químicos, carpa, *jaima*, megafonía)	3.500,00 €
Trofeos, recordos participantes	500,00 €
Servizos externos, empresas de organización etc.	6.000,00 €
Transportes, combustíbeis, desprazamentos, peaxes etc.	300,00 €
Gastos indirectos	2.000,00 €
Total	**23.800,00 €**

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 14.000 euros, o que representa unha porcentaxe do 58,82 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,82 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, estará financiada con cargo a recursos (propios ou alleos), sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle é imputábel.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341.1/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito abondo e sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación da execución

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Club Motociclista Teo. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades

vinculadas, nin con o Club Motociclista Teo nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, ao Club Motociclista Teo deberá solicitarlles polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, e xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando esta non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o Club Motociclista Teo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade e financiamento provincial

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Club Motociclista Teo.

VI. A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Motociclista Teo unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal do Club Motociclista Teo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobramento dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación. A entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria con cargo á que deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación Provincial xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira remataron o día 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o Club Motociclista Teo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do día 31 de xullo de 2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Club Motociclista Teo para que a presente no prazo improrrogábel de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Club Motociclista Teo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56 das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Club Motociclista Teo na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, o Club Motociclista Teo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devindiquen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. O Club Motociclista Teo deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, ben mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O Club Motociclista Teo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 euros nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Club Motociclista Teo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte o disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Club Motociclista Teo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Club Motociclista Teo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccioóns e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devindiquen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o que lle será de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75 euros se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 euros.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 euros. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 euros e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 euros.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Club Motociclista Teo seranlle remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Para alén diso, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Club Motociclista Teo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2016 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2016 autorice o correspondente orzamento.

XIV. Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e polo do Club Motociclista Teo.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento."

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA PARA FINANCIAR O *"PROGRAMA TERAPÉUTICO DO FOMENTO DA AUTONOMÍA.*

Sr. Secretario

Neste punto, no ditame da Comisión hai un erro, posto que non asistiu a representante de Marea Atlántica e, non obstante, figura despois como votante a favor, había só nove presentes e, polo tanto, non había dez votantes.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para a tramitación do presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións, e 65 a 67 do

seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 14 de marzo de 2016 que consta no expediente.

2. Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Liga Reumatolóxica Galega (G15552987) para financiar o *"Programa Terapéutico do fomento da autonomía",* cunha achega da Deputación de 8.000 €, que supón unha porcentaxe do 35,20% do orzamento subvencionado, que é de 22.722 €, importe que será aboado conforme co disposto nas cláusulas VI e VIII do texto do convenio, e con cargo á partida 2016/0611/23121/481 do orzamento vixente.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE LIGA REUMATOLOXICA GALEGA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA TERAPEUTICO DE FOMENTO DA AUTONOMÍA

A Coruña, _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dna. Ánxela Franco Pouso, deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Dna. Ana Isabel Vázquez Lojo, presidenta da LIGA REUMATOLÓXICA GALEGA, LOITA CONTRA O REUMATISMO. (En adiante Liga Reumatolóxica Galega)

As comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e da Liga Reumatolóxica Galega, ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Liga Reumatolóxica Galega, CIF: G 15552987, para o financiamento do Programa terapéutico do fomento da autonomía cuxas actuacións principais son as seguintes:

- Sesións de rehabilitación psicolóxica na que se fomente a capacitación da persoa e do seu empoderamento.
- Programa regular de terapia ocupacional
- Programas de formación e capacitación no emprego

- Asesoramento sobre órteses, férulas e axudas técnicas nos domicilios para enlentecer o progreso da enfermidade e favorecer a autonomía.
- Xornadas Galegas de Terapia Ocupacional.
- Talleres de arteterapia como elemento integrador buscando na arte unha vía de inclusión socia.
- Talleres de cronogramas ocupacionais.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

1.Persoal	**Terapeuta ocupacional (7 meses)** ·Salario: 5.687,29 € ·Seg. Social: 1.862,49 €	**7.549,78 €**
	Coordinador (6 meses) ·Salario: 3.693,60 € · Seg. Social: 1.209,66 €	**4.903,26 €**
	Técnico inserción laboral (6 meses) ·Salario: 4.065,60 € · Seg. Social : 1.331,52 €	**5.397,12 €**
2.Profesionais	**Psicóloga (7 meses)**	**4.550,00 €**
	Monitor de teatro (3 meses) Arteterapia	**300,00 €**
3.Gastos	**Gasolina**	**22,32 €**
TOTAL GASTOS		**22.722,48 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 8.000 €, o que representa unha porcentaxe do 35,20%. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 35,20%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Liga Reumatolóxica Galega. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Liga Reumatolóxica Galega, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Liga Reumatolóxica Galega deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Liga Reumatolóxica Galega tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da a Liga Reumatolóxica Galega.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle aboada á **ENTIDADE BENEFICIARIA** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Liga Reumatolóxica Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas

neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas a 31 de decembro de 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Liga Reumatolóxica Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31/07/2016.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Liga Reumatolóxica Galega para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Liga Reumatolóxica Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Liga Reumatolóxica Galega na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Liga Reumatolóxica Galega terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A Liga Reumatolóxica Galega deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A Liga Reumatolóxica Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Liga Reumatolóxica Galega deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Liga Reumatolóxica Galega poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Liga Reumatolóxica Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Liga Reumatolóxica Galega serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Liga Reumatolóxica Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do ano 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de agosto de 2016.**

2.Para o caso de que a Liga Reumatolóxica Galega non poida ter presentada a xustificación **antes do día 31 de xullo de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2016. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Liga Reumatolóxica Galega perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Liga Reumatolóxica Galega, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día _____de_____de_____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR A "XXV MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS".

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 3 de marzo de 2016.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas para financiar as actividades da "XXV Mostra do Encaixe de Camariñas"

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 80.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 55,23 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/3341/462.01 prevista no vixente orzamento provincial.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor Valentin González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Manuel Valeriano Alonso de León, con DNI núm. 76311474, en representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de grande interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro, para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe, no devandito programa contempláronse as seguinte áreas de intervención: formación, investigación, produción, distribución e

comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, para o financiamento do "XXV Mostra de Encaixe de Camariñas".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Custos de persoal contratado	11.800,00
Capitulo II: Gastos correntes	
Servizo de alugueiro de megafonía e iluminación	7.500,00
Servizo de alugueiro de pantalla led sala desfiles	4.990,00
Servizo de modelos, coreografía e organización dos desfiles	15.730,00
Servizo de restauración en diferentes facturas	3.000,00
Servizo de contratación da campaña publicitaria	20.000,00
Subministracións de encaixe para as colección dos novos e grandes deseñadores da pasarela de moda	3.000,00
Servizo de xerador e acometidas eléctricas	1.400,00
Servizo de montaxe de instalacións interiores da Mostra de Encaixe	42.300,00
Servizo de produción e impresión de vinilos para a exposición 25 Mostra	2.000,00
Servizo de deseño e maquetación de caixas de luz para a exposición 25 Mostra	2.000,00
Servizo de fotografías exposición 25 Mostra	2.880,00
Servizo de fabricación de caixas de luz exposición 25 Mostra	4.600,00
Servizo de realización vídeo exposición 25 Mostra	2.110,00
Servizo de deseño e supervisión da exposición 25 Mostra	10.948,00
Servizo de organización de roldas de prensa en Madrid, Barcelona e Valencia e alugueiro de espazos para a exposición 25 Mostra	10.600,00
TOTAL	144.858,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 55,23%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 55,23% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2015, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CAMARIÑAS, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4.- O CONCELLO DE CAMARIÑAS estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que os acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o día 1 de marzo ata o 30 de abril do ano 2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de marzo ata o 30 de abril do ano 2015**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2016**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2016**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha

solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do CONCELLO DE CAMARIÑAS

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO”

11.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (ACEBE.CCA) PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL PARA A CAMPAÑA DE NADAL 2015”.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG e 3 de Marea Atlántica).

Vota en contra: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

Abstense: 1 deputado (Compostela Aberta)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica, o voto en contra de Alternativa dos Veciños e a abstención de Compostela Aberta, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 11 de febreiro de 2016.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, CIF G15153869, para financiar o proxecto "Plan de promoción e dinamización do comercio local para a campaña de Nadal 2015"

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 25.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4314/481 prevista no vixente orzamento provincial.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.

O texto do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Valentín González Formoso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Dona Antonia Anido Díaz, con DNI núm. 76340097, en representación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS

1. Que a Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS consideran de grande interese para a provincia executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, contribúan á dinamización do sector do comercio, a entidade procura sensibilizar e concienciar aos comerciantes e empresarios de Betanzos dos beneficios e utilidades do asociacionismo co obxectivo de consolidar o papel de Betanzos como cabeceira comercial da comarca e ademais fortalecer e propulsar a participación do sector comercial potenciando a súa imaxe e conseguindo que o comercio de proximidade de Betanzos se sitúe como referencia, tanto na comarca como na provincia da Coruña.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CIF G15153869, para o financiamento do proxecto “Plan de promoción e dinamización do comercio local para a campaña de Nadal 2015”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL DIRECTAMENTE ADSCRITO Á ENTIDADE (1 TRABALLADOR)	2.000,00 €
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS ORIXINADOS DIRECTAMENTE POLA ENTIDADE	29.250,00 €
MONITORES PISTA DE XEO	4.350,00 €
ALUGUEIRO CARPA CAMPAÑA NADAL	5.000,00 €
ALUGUEIRO PISTA XEO CAMPAÑA NADAL	17.750,00 €
SEGURIDADE	430,00 €
SINALIZACIÓN E ROTULACIÓN	220,00 €
PREMIO SORTEO CAMPAÑA NADAL	1.500,00 €
ORZAMENTO CAMPAÑA NADAL	31.250,00 €

PLAN DE FINANCIAMENTO	
INVESTIMENTO	
IMPORTE TOTAL DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	31.250,00 €
FINANCIAMENTO	
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA	25.00,00 €
RECURSOS PROPIOS DA ASOCIACIÓN	6.250,00 €
TOTAL	31.250,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4314/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE

BETANZOS deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o dia 1 de decembro de 2015 ata o 31 de xaneiro do ano 2016.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante

a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o

disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de decembro de 2015 ata o 31 de xaneiro do ano 2016, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do ano 2016.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de maio de 2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS"

12. APROBACIÓN DA CORRECCIÓN EFECTUADA NO PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Visto que o Pleno da Corporación provincial, en sesión celebrada o día trinta de decembro de dous mil quince, aprobou o PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS no que se aprecian erros materiais que é preciso corrixir, faise ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

I.- Aprobar a corrección de erros materiais efectuada no Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, incorporando as citadas correccións ao texto que se aprobou inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o trinta de decembro de dous mil quince, co seguinte teor:

PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS E OUTRAS OBRAS PROVINCIAIS

I) ELEMENTOS DO CONTRATO.

1) Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras ás que se refire a epígrafe 1 do cadro de características do contrato, con suxeición ao proxecto técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde ou Estudo Básico de Seguridade e Saúde, de acordo co disposto no art. 4 do Decreto 1.627/97 e o estudo de xestión de residuos de construción e demolición, de acordo co establecido no art. 4 do R.D. 105/2008 .

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, polo que ten carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

2) <u>Orzamento do contrato e tipo de licitación</u>.

Sinálase como tipo de licitación o importe do proxecto que figura na epígrafe 3 do cadro de características do contrato, realizándose a mellora mediante baixa respecto deste.

Na contratación destas obras entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro delas o importe do imposto sobre o valor engadido, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

3) <u>Financiamento</u>.

3.1. Obras de carácter anual:

Para atender as obrigacións económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego).

3.2. Obras de carácter plurianual:

De conformidade co disposto no artigo 174 do Decreto lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais e artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, imputaranse aos exercicios orzamentarios que se detallan para cada proxecto de execución de obra na epígrafe 3.B e con cargo á aplicación sinalada na epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I do presente prego). En consecuencia, o compromiso de gasto para exercicios futuros queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente, circunstancia que debe ter en conta en todo caso o contratista.

No suposto de reaxuste de anualidades estarase ao disposto na cláusula 5.4 do presente prego.

4) <u>Revisión de prezos</u>.

4.1. Obras de carácter anual:

De conformidade co disposto no artigo 89 do TRLCSP non procederá en ningún caso a revisión de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

4.2. Obras de carácter plurianual:

Se o contrato tivese carácter plurianual, logo da xustificación previa no expediente, e de conformidade co previsto no Real decreto á que se refiren os art. 4 e 5 da Lei 2/2015 de desindexación da economía española e art. 89 do TRLCSP, a revisión periódica e predeterminada de prezos terá lugar cando o contrato se execute, polo menos, no vinte por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización, e conforme á fórmula que se indica na epígrafe 14 do cadro de características (anexo I do presente prego).

En consecuencia, o primeiro vinte por cento executado nos dous primeiros anos transcorridos desde a formalización quedan excluídos da revisión.

5) <u>Prazo de execución</u>.

5.1.- O prazo de execución do contrato será o que se sinala na epígrafe 6 do cadro de características do contrato, contado a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5.2.- Prórrogas.- O prazo contractual só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

5.3.- Prazos parciais.- Os prazos parciais serán os que no seu caso, se fixen na aprobación do programa de traballo.

5.4.- Reaxuste de anualidades.- A baixa ofertada polo adxudicatario aplicarase, na súa integridade á redución do financiamento previsto nas últimas anualidades, mantendo inalterable o financiamento previsto para as primeiras. En consecuencia, a devandita porcentaxe de baixa aplicarase a realizar máis obra en cada unha das anualidades, aboándoselle ao adxudicatario o prezo da obra realizada, ata o importe máximo de financiamento relativo a cada anualidade. Para estes efectos a administración aprobará o novo programa de traballo que será obrigatorio para o adxudicatario.

6) <u>Capacidade para contratar</u>.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (ou se atopen debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula seguinte).

7) <u>Clasificación do contratista</u>.

Á vista do establecido no artigo 65.1 do TRLCSP non se esixe clasificación.

No presente caso será suficiente que acrediten perante o Órgano de Contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, mediante a presentación dos documentos que se indican na cláusula 16.2.e).F).

8) <u>Unións temporais de empresas</u>.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as

características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN.

9) Procedemento de adxudicación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado.

10) Anuncio e perfil de contratante.

Ao tratarse de contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior ao establecido no art. 177.2 do TRLCSP de acordo co establecido no art. 177.2 en relación co art. 171.d, este procedemento non require a publicación de anuncios en boletíns oficiais ou no Perfil de Contratante, necesariamente.

Non obstante a administración poderá:

A) Utilizar calquera destas tres modalidades:
- A.1.- publicar un anuncio na prensa.
- A.2.- publicar un anuncio no Perfil de Contratante.
- A.3.- publicar un anuncio no BOP

B) De forma excepcional e motivada, por razóns debidamente xustificadas no expediente, consultar, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sen publicidade.

No cadro de características do contrato (epígrafe 12) indícase por cal destas modalidades se opta.
Dado que a publicidade non é obrigatoria, non se aplican as normas dos arts. 163 a 166 do TRLCSP.

11) Proposicións: lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 8 e 9 do cadro de características do contrato, dentro do prazo indicado na epígrafe 9 do cadro de características (anexo I do presente prego) a contar do día seguinte ao de recepción da invitación para que se oferte ou ao da publicación na prensa, BOP ou no Perfil de Contratante, segundo sexa a modalidade elixida de acordo co indicado na epígrafe 12 do cadro de características, en tres sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador

ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12.
No caso de que as proposicións se envíen por correo, de acordo co establecido na epígrafe 8 do cadro de características, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.
Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.
Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas na epígrafe 8 do cadro de características do presente prego (anexo I do presente prego).

12) <u>Proposicións: documentación</u>.

12.1.- <u>Sobre A: Subtitulado "Documentación</u>". (Documentación simplificada)

Os licitadores terán que presentar a seguinte documentación:

A) Declaración responsable.

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP que establece : "O órgano de Contratación, se o estima conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos. En todo caso bastará con esta declaración responsable e só terán que presentar neste sobre a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./Dª …….. con DNI ……e domicilio en,

actuando en nome propio ou en representación de ……con domicilio en……..

, e en relación co contrato de execución das obras de ……

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa administración, de conformidade co exposto no art. 146.4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, a acreditar perante o órgano de Contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 16.2.e) desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o

adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 da epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

B) Porcentaxe de subcontratación.

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 10 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./Dª…… con DNI …….. e domicilio en ……. provincia de…….. rúa …… nº……..

en nome propio ou en representación da empresa……. á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: …….

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

….. % *

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	***PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR AOS PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)****
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN % SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADXUDICACION……,..*	

(Lugar, data e firma do propoñente)

*<u>**indicar só o % , non o importe**</u>

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

C) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións

Axustarase ao seguinte modelo:

D. Dª_____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Autoriza para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen nunha calquera das seguintes formas:

- Fax: _____
- Correo electrónico: _____

(Lugar, data e firma do propoñente)

D) Certificado sobre traballadores con discapacidade

Para os efectos previstos na cláusula 15.7 (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D/Dª. _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade no cadro de persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)

E) Compromiso de contratar traballadores desempregados

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 11 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a _____traballadores de conformidade coa epígrafe 11 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do propoñente)

F) Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D/Dª. …….. con DNI …… e domicilio en …… provincia de …….. rúa …… nº ……..

en nome propio ou en representación da empresa ……..

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: ……..

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos no anexo IV e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.2. do presente prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso a que se refire a cláusula 16.2.c no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

O incumprimento deste compromiso de adscrición considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

G) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

12.2. Sobre <u>B: Subtitulado "Referencias técnicas"</u>.

Neste sobre incluirase a seguinte documentación con orde na aplicación dos criterios de adxudicación especificados no anexo V do presente prego e que se presentarán en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Conterá unicamente as referencias técnicas de acordo cos criterios de adxudicación aplicables no presente contrato (anexo V):

A) Programa de traballo:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades que se han realizar en cada prazo, de acordo, no seu caso coas anualidades fixadas no cadro de características. Deberá incluír:

a) Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflicta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de

materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (desagregado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, no seu caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, suporá a non admisión da oferta.

c) Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describirase a forma en que se documentará fotograficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A dita documentación entregarase á administración na data da acta de recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

B) Actuación ambiental:

a) Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.

- Rexeneración de espazos.

- Indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.

- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.

b) Medidas de aforro enerxético.

C) Plan de control de calidade:

Plan de control interno de calidade

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control interno de calidade que a empresa vaia desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos a:

- control de calidade nos materiais que se vaian empregar
- control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- control de calidade nas probas finais de instalacións
- calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade: medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade.
O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigación esencial para os efectos dispostos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante, o órgano de Contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego.

D) Esquema do plan de seguridade e saúde:

As ofertas deberán presentar un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención que se han adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para a prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto dos resultados en materia de seguridade e saúde

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

E) Porcentaxe de control de calidade: formulada estritamente conforme ao seguinte modelo:

D./Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con CIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº_____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a financiar, ademais do 1% mínimo obrigatorio, o ……..% (expresado con seis decimais) sobre o orzamento de execución material da obra, para que a administración realice o control externo de calidade, conforme o previsto na cláusula 29 do prego, que será retido pola administración nas correspondentes certificacións de obra.

Comprométese a destinar ata un …… % para o control interno de calidade que ha realizar a propia empresa.

(Lugar, data e firma do propoñente)

A administración, a través da Dirección e de acordo co establecido na cláusula 29 do prego, ordenará a unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola administración, que se verifiquen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e os gastos que se orixinen serán por conta do contratista ata un importe máximo do 1% do orzamento de execución material da obra.

No caso de que o contratista ofertara unha porcentaxe maior, a efectos de valoración, non se computa o 1% mínimo obrigatorio a que se refire o apartado anterior; é dicir, se unha empresa oferta o 3% de incremento de control de calidade externo, obterá 9 puntos (de acordo coa valoración do ANEXO V) pero, a efectos de financiamento polo contratista, a porcentaxe destinada a control externo a contratar pola administración será do 4% (3% ofertado polo adxudicatario máis 1% mínimo obrigatorio).

A Dirección de Obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade.

F) Proposta de redución de prazos de execución:
- Proposta de redución de prazos de execución (expresado en días naturais):
No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

12.3. Sobre C: Subtitulado "Oferta económica".

Conterá a proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

13) Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións terán que ser orixinais. No entanto, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario/a ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

14) Garantía provisional.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

15) Criterios de adxudicación. Negociación

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións corrixibles, rexeitamento de proposicións e demais actuacións do órgano de contratación), estarase ao disposto no art. 160 do TRLCSP e regulamento de desenvolvemento da lei. Para estes efectos a administración comunicará por calquera dos medios indicados polo contratista conforme a cláusula 12.1.C) do presente prego, onde se sinalará o prazo para emendar.

15.1. Órgano encargado da negociación: O órgano encargado da negociación será designado polo órgano de contratación, terá carácter colexiado e cuxa composición se indica na epígrafe 17.2.

15.2. Criterios de adxudicación: Os criterios para a adxudicación do contrato son os que figuran no anexo V.I.

Criterios de negociación: Os criterios para a negociación do contrato son os que figuran no anexo V.II.

15.3. Negociación. O órgano encargado da negociación negociará cos contratistas as proposicións que estes presenten para adaptalas aos aspectos obxecto de

negociación co fin de identificar a oferta máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no anexo V.

15.4. Procedemento

A negociación articularase en tres fases:

1. Nunha primeira fase o órgano encargado da negociación avaliará as proposicións recibidas aplicando os criterios de adxudicación recollidos no anexo V.I, previa comprobación de que cumpren os requisitos esixidos no sobre A.

2. Nunha segunda fase o órgano de contratación comunicará a cada licitador a través da dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións indicada no sobre A) "Documentación**"**, en que posición está, especificando as puntuacións totais e parciais obtidas por todas as proposicións admitidas, sen que en ningún caso poida divulgarse a identidade das persoas licitadoras.

A continuación convidará a todos os licitadores admitidos a presentar, nun prazo non superior a 48 horas, unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación que poidan ser mellorados polos licitadores e que se indican no anexo V.II (criterios de negociación).

Os licitadores deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada

As novas proposicións deberán sempre concretar a oferta que se realiza, polo que non se admitirá o ofrecemento xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador nos criterios establecidos.

No procedemento facilitarase a mesma información a todos os licitadores. En ningún caso se proporcionará información particular que poida supor unha vantaxe para algún licitador en detrimento das outras. Co fin de garantir o principio de igualdade, o órgano de contratación habilitará o sistema que crea máis adecuado para dar publicidade de todas as consultas que se formulen ao longo do procedemento, e das correspondentes respostas, a todas as persoas interesadas outorgando un código alfanumérico a cada un dos licitadores.

En calquera momento do procedemento, o órgano de contratación poderá requirir aos licitadores que aclaren determinados aspectos da súa oferta, sen que poidan modificar nas súas aclaracións os elementos substanciais desta, e sempre que non se falsee a competencia.

3. Nunha terceira fase o órgano encargado da negociación realizará a valoración definitiva e formulará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación, excepto no caso de que se constituse Mesa de Contratación con carácter voluntario, nese caso corresponderalle a este órgano realizar a proposta de contratación.

Todas as actuacións que leven a cabo durante a negociación remitiranse ao órgano encargado da tramitación do expediente de contratación.

15.5. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

15.5.1 Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais , notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.5.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o dito informe.

15.5.2 Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluirase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

15.5.3 Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Volume de obra
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente, con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto, deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos proveedores
- Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu coste individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria

B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

C. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico

2. Volume de obra:
Neste caso o licitador que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados deberá xustificar a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:
Xustificarase mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.

15.6. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que existe erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

15.7. Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras, das que empataran canto á proposición máis vantaxosa, acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida na cláusula 12.1.D

15.8. Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) a comprobación do replanteo, f) o inicio e execución das obras, g) a recepción, etc. faculta á Corporación a que proceda para incautar a garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias establecidas no TRLCSP.

Tamén se considerará renuncia a non xustificación en prazo da dispoñibilidade dos medios persoais e materiais a que se refire a cláusula 12.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de prema, así como para a indemnización de danos e perdas.
Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 3 meses, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art .161 do TRLCSP, non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o art. 152.3

15.9. Designación de director de obra:

No acordo ou resolución de adxudicación o Órgano competente da Corporación concretará a designación do técnico-director da obra e, naqueles casos en que a Dirección da obra se realice mediante contrato de servizos, previa a tramitación do correspondente expediente de contratación.

16) <u>Adxudicación</u>

16.1. Clasificación das proposicións.

Concluída a fase de negociación, a Mesa de Contratación, nos casos en que se constituíse ou o órgano encargado da negociación proporá ao órgano de contratación a adxudicación ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa.

Cando o único criterio que se considere sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

16.2. Unha vez formulada a proposta de adxudicación, o órgano de Contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Garantía definitiva: O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o

imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometan a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras

B) nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, o que se acreditará mediante os correspondentes contratos ou TCs

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento, con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.
Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigación, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a administración contratante, por conta do contratista.

38) <u>Liquidación e devolución da garantía definitiva</u>.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 236 do TRLCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes aplicándose ao pago destas últimas o disposto no art. 216 do TRLCSP.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

No entanto, no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas, o órgano de contratación poderá ordenar a súa execución a outra empresa, correndo á conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se for suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía, esixirase o aboamento dos devanditos gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A da presente cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

39) <u>Causas de resolución</u>.

Serán as previstas nos artigos 223 e 237 do TRLCSP, cos efectos establecidos no artigo 225 e 239.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do presente contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12.1.E do presente prego.

40) <u>Réxime xurídico</u>.

O presente contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector publico e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa e contra eles haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 40 do TRLCSP os interesados poderán interpor o recurso especial en materia de contratación.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base impoñible …….. Importe IVE …… Total ……	..... Euros (IVE ENGADIDO)
	B) Obras Plurianuais Base impoñible …….. Importe IVE …… Total ……	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201… 201....
4. VALOR ESTIMADO	Base impoñible: …….. 10% (modificación de proxecto): …….. 10% (certificación final): …….. Total ……	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN		
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	**Grupo subgrupo categoría** _____ _____ _____ _____	
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	☐ 1.- Rexistro Xeral da administración convocante ou no seu caso Rexistro especial da entidade (indicalo neste caso….), con domicilio en _____ ☐ 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante …… Nº de FAX da entidade contratante ……. Correo electrónico da entidade contratante ……..	
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	_____ días contados desde o día seguinte á recepción da petición de oferta (ou perfil de contratante ou BOP ou prensa) (Cláusula 11) En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.	
10. PORCENTAXE SUBCONTRATACION	…….% do prezo de adxudicación	

11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	☐ NON SE ESIXE ☐ SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES_____
12. MODALIDADE DE CONSULTA	☐ A1.- Publicar un anuncio en prensa. ☐ A2.- Publicar un anuncio no Perfil de contratante (Dirección páxina web: www…….) ☐ A3.- Publicar un anuncio no BOP. ☐ B. De forma excepcional e motivada, por razóns debidamente xustificadas no expediente, consultar, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato.
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación IVE excluído
13.BIS. TAXAS DO CONTRATO	
14. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE ☐ (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FORMULA_____
15. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
16. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

17. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: ……

TELÉFONO:.....

CORREO ELECTRÓNICO……..

CARTEL DE OBRA……..

17.2. ÓRGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN: ……

……

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL……..

CIF……..

CÓDIGO…….

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE……..

CÓDIGO…….

18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE ……

CÓDIGO…….

18.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA ……..

CÓDIGO……..

18.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE……...

CÓDIGO DE PROXECTO……..

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E PREGO……

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dª _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono_____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____.
DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa_____
nº _____ _____
teléfono_____
Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de _____ .
e para cuxos efectos fai constar que:
1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE…… Euros).
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) %…….. importe…… euros
C) TOTAL (A+ B)…….EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.
3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.
4º.- Fai constar que na presente licitación *(indíquese o que proceda):*

a) ___ Non concorre con empresas vinculadas.
b) ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____
CIF _____

_____ _____ de _____ de 201_
O LICITADOR (Asinado e Rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

A. DOCUMENTACIÓN
(1) B. REFERENCIAS TÉCNICAS
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2) presentada por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ ___ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato, código de expediente e código de proxecto (epígrafes 1 e 18.5 do anexo I do presente prego)

ANEXO IV: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA A EXECUCION DA OBRA

(Cláusula 12.1. apartado F)

1. <u>MEDIOS PERSOAIS:</u>

CATEGORIA PROFESIONAL	TITULACION REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS

2. <u>MEDIOS MATERIAIS</u>

	CARACTERISTICAS	Nº UNIDADES	OBSERVACIÓNS
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

ANEXO V:

V.I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

☐ **A) Programa de traballo (cláusula 15):**

Valorarase ata ……. puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Ata…. Puntos

☐ **B) Actuación ambiental (cláusula 15):**

Valorarase de ata…….. puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten unha actuación ambiental non adaptada e incompleta	Ata…. Puntos

☐ **C) Plan de control de calidade (cláusula 15)**

Valorarase ata……. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e totalmente adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade non adaptado e incompleto	Ata…. Puntos

□ **D) <u>Esquema do Plan de seguridade e saúde</u> (cláusula 15)**

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente	Ata…. Puntos
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto	Ata…. Puntos

☐ **E) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)**

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata ____ puntos
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29. Calcularase aplicando a seguinte fórmula: _____ puntos X _____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	Ata ____ puntos

☐ **F) Redución de prazos de execución (cláusula 15)**

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela *(*http://www.dicoruna.es/valoracion/*).*

◉ **G) Oferta económica** (cláusula 15)

Valórase ata …….. puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a seguinte fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (http://www.dicoruna.es/valoracion/).

V.II. CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN (SÓ SE PODERÁ NEGOCIAR SOBRE ASPECTOS QUE SEXAN ESTABLECIDOS COMO CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (ANEXO V.I)):

☐ **A) Porcentaxe de control de calidade (cláusula 15)**

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)

☐ **B) Redución de prazos de execución (cláusula 15)**

◉ **C) Oferta económica** (cláusula 15)

II.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación Provincial da Coruña o contido do citado Prego."

13. APROBACIÓN DO TEXTO E DA FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS JULIO PORTELA CEBALLOS PARA A CESIÓN DE USO DE ESPAZOS DO ANTIGO COLEXIO A MILAGROSA

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos para a cesión de uso de espazos do antigo colexio A Milagrosa

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACION ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS JULIO PORTELA CEBALLOS PARA A CESIÓN DE USO DE ESPAZOS DO ANTIGO COLEXIO A MILAGROSA Á UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA IMPARTIR OS ESTUDOS UNIVERSITARIOS DE RELACIÓNS LABORAIS

A Coruña, _____ de de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús Manuel Soto Vivero, deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia núms. 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, actuando non exercicio das ditas competencias atribuídas, pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e polo texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

Doutra, D. Jesús Vázquez Forno, presidente da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais da Coruña.

EXPOÑEN

A Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos precisa dispor de espazos para atender as necesidades da escola de Relacións Laborais.

E, neste sentido a Deputación da Coruña vén colaborando coa Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais poñendo ao dispor dela o uso do espazo no antigo colexio A Milagrosa, tendo en conta que finalizou o prazo de vixencia de cesión do convenio anterior.

É propósito da Deputación Provincial da Coruña colaborar coa Fundación e de facilitarlle o cumprimento dos seus fins e necesidades.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

A Deputación Provincial da Coruña autoriza á Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos a usar con carácter gratuíto os espazos que se describen a continuación no norte do antigo colexio A Milagrosa.

Superficies	Valoración € / m^2	Total
Andar baixo: 790,14 m^2	5,98 € / m^2 / mes	4.725,03 €
Planta alta: 338,44 m^2	5,98 € / m^2 / mes	2.023,87 €
TOTAL		6.748,90 €

O uso do local será compartido pola Deputación e pola Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos e compatibilizaranse as necesidades de ambas as institucións.

Segunda. Obrigas da entidade cesionaria

Os espazos cuxos usos se autorizan utilizaranse exclusivamente para impartir ensinos universitarios da Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos ou servizos complementarios vinculados á dita escola (oficinas, salas de seminarios, biblioteca, salas para profesorado, zonas de arquivos etc.).

De ser preciso realizar obras de acondicionamento, a Fundación deberá comunicalo previamente e agardar a autorización da Deputación Provincial, sendo a conta da Fundación os gastos das mesmas.

Mentres estea vixente a autorización de uso dos locais, os gastos de funcionamento, dos espazos utilizados pola Fundación e os de mantemento e calquera outro (teléfono, gas, auga, luz...) correrán a cargo da Fundación.

Terceira. Prazo de cesión de uso

A autorización de cesión de uso realizarase por un período máximo de catro anos, a partir da data de formalización do presente convenio, aínda que poderá prorrogarse expresamente por outros dous anos, por solicitude razoada da fundación

No entanto, en calquera momento a Deputación, e en función das súas necesidades, poderá deixar sen efecto a autorización de uso, cun aviso previo de seis meses.

Cuarta. Natureza xurídica

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolveren as cuestións litixiosas que na súa aplicación se susciten entre as partes.

Faise constar que este convenio foi aprobado na sesión plenaria que tivo lugar o día XX de marzo de 2016.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente, p.d.
O deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento

Asdo.:

Xesús Soto Vivero

A Fundación Escola Universitaria de Relacións Laborais Julio Portela Ceballos

Asdo.:

14. APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2016. PRIMEIRA FASE

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aprobar o Plan de sendas peonís 2016. Primeira fase, integrado pola obra que se indica a continuación, co detalle da súa denominación e orzamento:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
16.1170.0001.0	Senda peonil na DP 2405 Cerceda ao Mesón do Vento PK 5,820 ao PK 7,510 (Ordes)	Ordes	201 918,71 €
		TOTAL	**201 918,71 €**

O financiamento do proxecto incluído neste plan realizarase con cargo á partida 0410/4535/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2016.

2. Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días hábiles poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presente ningunha alegación.

3. Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DA BAÑA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE MELLORA E CONSERVACIÓN DOS ACCESOS A SAN VICENZO

INTERVENCIÓNS

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente. Vou opinar sobre os puntos 15 ao 29, os convenios incluídos nesta listaxe, e gustaríame facer unha reflexión xenérica ao fío dos quince convenios que a continuación van ser sometidos ao noso voto por valor global de máis dun millón de euros, que apoiaremos, pero que me interesa trasladar unha reflexión.

Quero que entendan desde o principio que esta intervención ten un carácter construtivo, e que só intento convidalos a facer unha reflexión conxunta que nos permita, no futuro, definir criterios de actuación comúns dentro desta institución. A maior parte destes convenios están financiados a través do Expediente de modificación de crédito 6/2015, que foi aprobado no pasado mes de novembro cun importante grao de consenso. No informe de estados numéricos do modificativo contemplábanse un Plan de apoio a agrupacións de concellos, un Plan provincial de

medio ambiente e un Plan de mellora, adaptación e investimentos en centros de servizos sociais e actuacións particulares dalgúns concellos.

Existe, xa que logo, un claro contraste entre o destino dos máis de oito millóns de euros que conforman o Expediente de modificación, o groso da contía está distribuído a través de plans estruturados e a través de criterios obxectivos de reparto, e mediante o procedemento de libre concorrencia. Porén, outra cantidade, menor, pero desde logo non pequena, será distribuída a través de convenios con criterios bastante máis opacos e que cadaquén é libre de supoñer.

Enténdase que eu non estou en contra das subvencións nominativas, penso que xa o aclarei neste mesmo Pleno, sempre e cando cumpran os criterios legais para a súa concesión, os mesmos que son reiterados unha e outra vez polos funcionarios desta administración nos seus informes, que o seu uso responda a criterios de excepcionalidade, xustificados polo especial interese do seu obxecto. Para todo o demais deben rexer os principios xerais de transparencia, equidade e libre concorrencia. O reparto dos fondos públicos provinciais debe responder, polo tanto, a criterios obxectivos, como poboación, tamaño do territorio, ausencia de equipamentos, etc., os mesmos que estruturan, entre outros, os plans provinciais, como o de obras e servizos, que tan ben funcionan conforme á nosa opinión.

Insisto en que compartimos o acordo básico respecto do contido do Expediente de modificación de crédito, pero tamén entendo que todos os membros deste Pleno compartimos a decisión do actual Goberno de reducir significativamente as subvencións nominativas, por moito que a orde do día desta sesión resulta algo contraditoria con esa intención. Por iso, finalmente, animo a que de cara a este fin de exercicio económico, cando os resultados de execución orzamentaria obriguen a definir o uso dos remanentes de tesourería, reflexionemos a este respecto e, por exemplo, os destinemos a aumentar a contía das subvencións en réxime de concorrencia que na actualidade poden resultar escasas, ou a novas liñas de actuación que demandan, tanto os concellos como o conxunto da sociedade, ou a financiar actuacións particulares dos concellos como se fai agora, pero de todos os municipios en igualdade de condicións, e non só as dalgúns poucos escollidos. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Bo día, antes de nada darlle a benvida a Manuel Rivas de novo a esta administración pública e que, seguramente ademais vai ser así, as súas achegas sexan sempre positivas para o conxunto da sociedade da provincia.

Antes de nada, eu coincido con moitas das cousas que acaba de verbalizar o portavoz de Compostela Aberta, mais estráñame que o faga, el di que en positivo, pero en todo caso sementa dúbidas que me gustaría aclarar.

Os Expedientes de modificación de créditos, o 5 e o 6, non tiveron un importante grao de consenso, tiveron a unanimidade dos corporativos, a unanimidade, e ademais consensuáronse unha serie de actuacións na provincia. Eses dous expedientes de modificación de créditos recollen ademais o compromiso do actual goberno da Deputación co anterior goberno da Deputación, onde o compromiso deste Goberno era que todo aquilo que estivera comprometido e que tivera firmeza

administrativa íao respectar o actual Goberno. Polo tanto, en futuros Plenos van seguir vindo convenios nominativos, que recollen acordos do anterior goberno e que recollen tamén o consenso dos corporativos e corporativas desta Cámara.

O actual Goberno da Deputación provincial manifestou claramente por escrito a súa intención de non superar o 5% do orzamento en convenios nominativos, é dicir, en facer excepcional aquilo que nesta administración viña sendo o habitual, ben, estamos de acordo con iso, pero ademais demostrámolo. No actual documento de orzamentos desta Corporación esta Deputación provincial comprometeu só o 0,30% do seu orzamento en convenios nominativos, o habitual era que se comprometera o 1,90% do orzamento xa inicialmente no orzamento, pero nada máis chegar ao Goberno o que se fixo foi articular un plan, o Plan de acción social, para todos os concellos da provincia ao que se destinaron 33 millóns de euros, modificando xa, invertendo xa a tendencia desta Deputación, que era destinar expedientes a convenios nominativos, para articular un plan de libre concorrencia competitiva. Pero algo que vostede reclama, que tamén se fixo xa, é incrementar as cantidades destinadas ás subvencións de libre concorrencia competitiva, a todas elas, todas as cantidades e todas as partidas destináronse.

O que eu si pediría é que se estamos todos de acordo en que o criterio debe de ser a distribución por plans, e así o estamos facendo xa, a min gustaríame que o que se predica se cumpra, porque logo son moitísimas as visitas de concelleiros e concelleiras dos diferentes grupos políticos que teñen gobernos na provincia da Coruña que veñen aos nosos despachos reclamando convenios nominativos, iso é o curioso, pero tamén de Compostela Aberta. Polo tanto, si teremos que ser consecuentes tamén co que decidimos, e si é necesario aumentar as partidas de libre concorrencia competitiva, pero tamén logo hai que pedirlle tamén aos concellos que concorran, porque logo dámonos conta de que hai concellos que non presentan solicitudes en concorrencia competitiva, e logo quere que se lles compense pola vía de convenio nominativo, e non por falta de interese da Deputación provincial, porque cónstanme múltiples chamadas dos servizos reclamando que aínda non estaba a solicitude en trámite, ou que faltaba documentación, etc., etc. Polo tanto, evidentemente, co mesmo carácter construtivo na miña intervención, si estamos dispostos a seguir pola vía de eliminación dos convenios nominativos, porque nós así o viñamos reclamando durante catro anos, pero tamén queremos que os gobernos municipais, sexan da cor política que sexan, tamén sexan conscientes deste matiz e que, do mesmo xeito que reclamamos que desaparezan, que despois non se veñan solicitar porque daquela si que entrariamos en contradicións difíciles de explicar. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Non ía intervir, pero véxome case obrigado. Eu son dos que penso que non ten que haber nominativas, pero é que houbo moitas nominativas neste edificio da Deputación provincial ao longo dos últimos anos, onde uns levaban talladas e outros non levaban nada, e o que di o compañeiro que me antecedeu na palabra, que algúns non se decataban, é que non nos podiamos decatar porque se cocía todo á marxe dos que estabamos fóra.

Polo tanto, eu volvo insistir en que son dos que creo que hai que mudar ese tipo de política pero, en cambio, hai moito que compensar a moitos que non nos deron

os cartos, por tanto a min cando me din en Oleiros algunha concelleira do Partido Popular que aquí din unha cousa e alí digo outra, e que aquí hai moito que compensar a Oleiros, e a algún outro Concello de Galicia. Polo tanto, claro, ata que se compense, porque se imos agora a plans tocarame o mínimo, pero sigo sempre perdendo do que outros durante moitos anos levaron. Polo tanto, haberá algunhas nominativas, porque terá que habelas para compensar a aqueles que fomos marxinados a pesar de ser uns municipios cunha extensión grande, con problemas grandes, e con cantidade de habitantes e con moita problemática.

Polo tanto, quero deixalo claro, si estou en que hai que ir empezando a pensar, pero que terá que haber algunha nominativa para compensar, se as hai doutro xeito eu discreparei no seu momento, pero esta é a miña forma de ver as cousas.

Sr. Sacristán de Diego

Bos días, benvido Manuel á Deputación provincial, esperando que, loxicamente, dada a túa experiencia, vas ser capaz de achegar cousas interesantes á institución provincial.

Por outra banda, dicir que Regueira, o deputado, explicouno perfectamente, eu creo Manuel que a túa intervención está fóra de lugar, do momento, é dicir, non se pode chegar a acordos de reparto de subvencións como se chegou no seu momento, a través dos expedientes modificativos e nos plans que se ían sacar, e unha vez que se reciben esas subvencións nominativas polo concello que ti representas, vir aquí a poñer en dúbida o reparto das subvencións que aquí se están aprobando no día de hoxe, que non son máis que igualar a todos os concellos proporcionalmente nas cantidades que lles corresponden, que ata o de agora, como interveu tamén Gelo, evidentemente había unha desproporción importante entre o que lle correspondería e o que recibía. Polo tanto, como estas van seguir vindo, pero xa o pactamos o ano 2015 e, polo tanto, na medida en que se van presentando os proxectos, na medida en que están os expedientes, van seguir vindo, pero iso non quere dicir que haxa un trato desigual, algúns xa recibiron as cantidades, e outras estanas recibindo, pero o que pactamos todos os Grupos, que non hai diferenza ningunha, e ao final estamos equilibrados.

E por outra banda, está perfectamente estruturado, xa o dixo Regueira, no orzamento, que baixamos ao 5% simplemente as subvencións nominativas.

Eu creo que, evidentemente, temos que seguir traballando nesta liña, non hai nada escuro, é totalmente transparente, as cantidades axústanse ao estudo que se fixo dos desequilibrios que había entre os distintos concellos e, polo tanto, eu creo que si, que temos que seguir traballando nun plan estratéxico de subvencións da Deputación provincial, que xa iniciamos, estamos estudando o Plan estratéxico, e creo que por aí si que temos que ir para que non haxa ningún tipo de dúbidas, porque evidentemente hai subvencións nominativas que imos ter que seguir dando, pero que sexan estratéxicas para a provincia, con base a unha serie de criterios que creo que debemos de aprobar todos aquí no Pleno. E ademais, a maior abundamento, eu espero que no próximo Pleno, se os expedientes están concluídos, que os diversos plans que nos comprometemos a traer, Plan medio ambiental, etc., volvan, Plan de emprego, etc., onde a través de criterios totalmente obxectivos se vai facer o reparto.

E logo, tamén, insistir no das subvencións. Ás cidades fixémoslles unha proposta, de que fixeran propostas de que aspectos consideraban eles que tiñan unha trascendencia supramunicipal para que a Deputación puidese subvencionar. Ata o de agora paréceme que só a través de actuacións individuais, e que cada día vén un concelleiro distinto a pedir esas subvencións. Nós facémoslle unha proposta ás cidades, que fagan unha proposta clara, concreta, do que quere que se lles subvencione, sentamos e seguro que chegamos a un acordo, sempre que teñan eses criterios supramunicipais, que moitísimas delas xa os teñen, e non hai dúbida ningunha de que imos seguir colaborando nese tema, e non vai haber diferenzas entre uns e outros. É verdade que no Plan de obras e servizos houbo unha corrección importante e no PAS houbo unha corrección importante, é dicir, debemos financiar as cidades, non en función desa poboación neses plans, senón a poboación rural que teñan, que é o verdadeiro obxectivo do POS ou do PAS, e no resto seguro que imos chegar a acordos como demostramos nas subvencións ao baloncesto e outras similares, a Sinfónica, etc., etc.

Polo tanto, eu invítoo a que sexamos respectuosos cos acordos que tivemos, creo que ata o de agora todos fomos respectuosos, aínda que algún convenio posiblemente non nos gustara, pero había uns compromisos na Deputación e creo que se entre todos somos capaces de asumir que os compromisos hai que respectalos, esperemos a rematar e concluír que todos os concellos da provincia estean obxectivamente remunerados nas cantidades que lles correspondían dos diversos plans, e a partir dese momento iniciamos de cero e veremos que vai haber unha distribución obxectiva e ademais creo que, e eu invítoo ademais a participar nesas propostas de Plan estratéxico de subvencións.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días a todos e a todas. Traen a este Pleno, é certo, quince convenios con concellos e, polo tanto, vou facer unha reflexión ao respecto da súa globalidade, convenios que recollen actuacións viarias, pavimentacións, obras hidráulicas, urbanizacións, e incluso un deles recolle a subministración de material para o ximnasio dun concello, por certo cun importe que, a todas luces, parece absolutamente excesivo tendo en conta o tamaño dese concello e o que pode significar a subministración do material para un ximnasio.

O Grupo Provincial Popular, xa o fixo na Comisión, vai votar favorablemente, pero queremos deixar constancia de que estamos de acordo, non podía ser doutro xeito, do contido dos informes do señor interventor respecto da necesidade de aprobar un Plan estratéxico que lembraba o portavoz do Partido Socialista, un Plan estratéxico de subvencións que organice, regule e coordine as actuacións na provincia, como non podía ser doutro xeito, na procura da maior eficacia, da maior eficiencia, na aplicación de fondos públicos.

Tamén queremos deixar constancia neste Grupo do dobre discurso dalgún portavoz neste Pleno, non sabemos cal vai ser o sentido do voto do señor portavoz de Alternativa dos Veciños, pero o señor portavoz de Compostela Aberta adiantou o seu voto favorable. A verdade é que é coherente co que fai Compostela Aberta no Concello de Santiago, que é incrementar as nominativas, iso si, logo despois son os campións da transparencia, non teñen ningún reparo en levantar, valla a redundancia,

o reparo da Intervención, votar favorablemente, porque supoño que terán vostedes esperanza obviamente de entrar nese reparto, como non podería ser doutro xeito. Nós cremos que hai que ser coherente, e vostedes, estes novos Grupos políticos, estes novos movementos, non deixaron de criticar a forma de concesión de subvencións por parte da Deputación historicamente. En moitas ocasións, non soamente gobernando o Partido Popular, gobernando o Partido Socialista, en coalición co Bloque Nacionalista Galego, que tamén critica esta forma de actuar, a Deputación o único que fixo, o único que fai é atender necesidades históricas da provincia. Creo sinceramente que practicamente todas, por non dicir todas, absolutamente xustificadas, e non teño ningunha dúbida que probablemente despois de facer ese Plan estratéxico, moitas delas serán ratificadas. Polo tanto, nós, que quede claro, estamos de acordo en que é necesario regular e ordenar as subvencións e as achegas a través de convenios aos concellos, con criterios obxectivos e de transparencia, pero foron vostedes, especialmente o Bloque Nacionalista Galego, e estes novos movementos os que sempre falaron de incrementar a transparencia. Nós estamos de acordo en incrementar a transparencia, non temos claro esa limitación do 5%, pensamos que precisamente ese Plan debería de determinar cales son as subvencións estratéxicas, que subvencións non poden entrar en concorrencia competitiva, é obvio que de ser vontade da Deputación de manter a subvención o Auditorio de Galicia, por exemplo, loxicamente é difícil que iso poida entrar nunha subvención que non sexa nominativa, pero en todo caso temos claro que hai moitos portavoces, algúns portavoces neste Pleno, que obviamente, como subliñou o propio señor portavoz de Alternativa dos Veciños que di a portavoz do Partido Popular no seu concello, é certo que aquí din unha cousa e no seu concello practican outra absolutamente diferente, creo que nesta vida o que temos que ser todos por riba de políticos é persoas coherentes. Polo tanto, que quede claro, este Grupo Provincial vai votar a favor, pero está absolutamente a favor tamén de que o Goberno, e pedimos para iso tamén que teña amplitude de miras e busque o necesario consenso, traballe o máis axiña posible nese Plan estratéxico de subvencións a nivel provincia, moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. Presidente. Dixen de entrada que ía votar favorablemente ás propostas de todos estes convenios, polo tanto, manifestei desde o principio a vontade de acordo e na coincidencia de que, efectivamente, temos moito que mellorar, é dicir, eu creo que ese recoñecemento aféctanos absolutamente a todos. Eu tamén comparto a idea de que falta un Plan estratéxico de subvencións, e estamos á espera de que esa proposta poidamos debatela e participar dela. Respecto da intervención do Partido Popular, do portavoz do Partido Popular, eu non vou entrar aquí na Deputación a debates doutros ámbitos políticos, e eu xa sei que vostede é un modelo de coherencia política, e non me compete neste caso falar da súa coherencia, nin en Santiago, nin tampouco na Deputación provincial, polo tanto, Sr. Agustín Hernández, síntoo moito, non lle vou entrar a ese debate.

Sr. García Seoane

Insistir no que dixen, hai moito que compensarlle a Oleiros, non é a política de Oleiros aquí unha, e a política no Concello de Oleiros outra, é a mesma política. Volvo dicir que aquí hai moito que darnos do que nos sacaron durante anos, onde se nos marxinou constantemente, especialmente nestes últimos catro anos, onde só tivemos

un convenio de nominativas durante catro anos, mentres os demais levaron talladas a montóns, concellos de mil habitantes levaron máis cartos que o Concello de Oleiros con 35.000 habitantes, polo tanto, hai moito que resarcirnos.

E dicir que o PP non ten nada que queixarse porque se está facendo este Goberno, que eu non o faría, que eu non faría, de feito voto moitas veces en contra nas comisións, é aceptar todas esas desfeitas que durante estes últimos anos, o 14 e o 15 en concreto, estamos traendo aínda aos Plenos, e que parece que é o novo Goberno, e non é o novo Goberno, son actos do Partido Popular, compromisos do Partido Popular, dos que eu teño denunciados algúns e onde demostrei que se deron cartos que non se podían dar, e onde vou demostrar dentro duns días que tamén se deron cartos onde non se podían dar, e cartos cinco veces o valor do que valía, porque aquí se di "unha subvención para un polideportivo…" déronse subvencións cinco veces por riba do valor real do que había que adquirir, cinco veces, que se saberá no próximo Pleno espero poder falar dese tema. E outros temas, como foi o tema dos coches da Coruña, e outro tema como foi o detalle da ópera, uns cartos, eu non estou contra a música, pero claro, cos gastos mesurados, non con gastos esaxerados, e esas políticas eu nunca as vou aprobar.

Convenios ten que habelos para compensar aos que nos fastidiaron durante anos. Por tanto, en Oleiros non hai políticas desas, en Oleiros, cando se dá unha nominativa, en contra do que eu, que son ateo, dáselles a misioneiros, franciscanos de no sei onde, ás mercedarias de Berriz en Guatemala, a xente que hai que facer causa excepcional, porque non son causas normais, é xente que está traballando no mundo polos pobres e que nós levamos aos Plenos como mañá imos levar unha nominativa ás madres mercedarias de Berriz, que están facendo un traballo tremendo en Guatemala.

Por tanto, esas son as que nós damos, nós non damos desas que se gastan os cartos dunha forma tremenda, especulativa, e diría algo máis, pero vou deixala para outro día, onde haberá que aclarar moitas cousas de moitas subvencións desas nominativas que se deron. E hoxe aquí o Goberno actual está levando nunhas novas nominativas, que non eran vellas, pero resulta que o Partido Popular estase levando o 35% do orzamento desas nominativas, o Grupo Socialista lévase o 45% e o Bloque o 32%, pero é que o reparto podía ser outro, se o reparto fora o anterior podiamos estar falando de 50-50 e o PP nada, pero o PP estase levando o 35% destes millóns que imos acordar agora.

Por tanto, hai que falar con sensatez, Alternativa ten moito que dicir aquí, e vaino dicir durante moito tempo.

Sr. Regueira Varela

O Bloque Nacionalista Galego mantén o que veu defendendo durante os catro anos pasados, Sr. Agustín Hernández. Nós, efectivamente, viñamos reclamando aquí que non se superara o 5% do orzamento en convenios nominativos, pero é curioso, fíxese, é unha pena que non teña aquí o Diario de sesións do Congreso, pero pódese repasar. Eu recordo que esgrimín un argumento facendo miñas as palabras de Alfonso Alonso, portavoz do Partido Popular no Congreso, onde dicía que había que modificar a concesión das subvencións nominativas porque se estaba convertendo en algo ordinario unha fórmula que debía de ser sempre excepcional. Polo tanto, mire,

fíxese vostede, o portavoz do Partido Popular no Congreso defendía o mesmo que nós. Pero, en todo caso, é curioso, cando nós entramos nesta administración a gobernar atopámonos con que había 4,7 millóns de euros comprometidos para concellos en nominativas, 4,7 millóns de euros, para 22 concellos do Partido Popular, 3 do PSOE e un do BNG, eu creo que algo cambiou.

En todo caso, eses compromisos, esas nominativas comprometidas, son as que están incluídas, practicamente todas elas, outras incluíronse nun plan, pero moitas delas están incluídas, tanto a concellos como a entidades, no Expediente de modificación de créditos 5 e 6. Deses dous expedientes van ir chegando convenios a este Pleno, ao próximo Pleno, etc., etc., polo tanto, estamos falando en moitísimos casos de convenios nominativos comprometidos xa polo anterior goberno, e non nos estrañemos, hoxe vén aquí un convenio nominativo, senón me equivoco, do ano 2013 coa Orquesta Gaos, é probable que en Plenos sucesivos a estes sigan chegando convenios do ano 2014 e do ano 2015, co que este Goberno ten pouco que ver máis alá do seu compromiso de manter as cuestións que eran firmes en vía administrativa.

Polo tanto, eu o que lles pido é que non fagan con isto política de moi baixas miras, isto podemos entrar a guerrear, pero é curioso que agora mesmo, cando hai un Goberno que con firmeza pretende dar pasos adiante en que, efectivamente, se hai convenios, que sexa de xeito totalmente excepcional, e non o xeito ordinario de conceder subvencións, que sexa agora mesmo este Goberno o que está dando estes pasos, o que reciba críticas polos convenios nominativos, porque sería cando menos un pouco raro, un pouco estraño, para min case ridículo que fose así.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Baña para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	A Baña
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora e conservación dos accesos a San Vicenzo
ORZAMENTO DO PROXECTO	130.862,09 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	90.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	40.862,09 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	68,77469 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/1531/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/1531/76201 do orzamento provincial para o ano 2016.

Dado que a vixencia deste Convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondientes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA BAÑA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE MELLORA E CONSERVACIÓN DOS ACCESOS A SAN VICENZO

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, o deputado responsable da Área de Cooperación cos Concellos, Xosé Regueira Varela.

E doutra parte, o alcalde-presidente do Concello da Baña, Andrés García Cardeso

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello da Baña ambas as partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Baña, con CIF P1500700H, para o financiamento da obra de “Mellora e conservación dos accesos a San Vicenzo”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de Camiños Juan Carlos Carballeira Rifón.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu

redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	90.882,76 €
Gastos xerais (13 %)	11.814,76 €
Beneficio industrial (6 %)	5.452,97 €
IVE (21 %)	22.711,60 €
Orzamento da contrata	130.862,09 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 68,77469 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,77469 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade justificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perdersase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1531/76201 do orzamento provincial para o ano 2016. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

Aprobar o proxecto modificado da obra "Mellora de capa rodadura de camiños rurais nas parroquias de Oca, Seavia, Verdes, San Paio, Xaviña e outros" do Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015 co código 15.2100.0059.0, cos datos que a continuación se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total e que a obra está sen adxudicar, si implica unha alteración do obxecto e do trazado previstos no proxecto inicial

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
15.2100.0059.0	Coristanco	Mellora de capa rodadura de camiños rurais nas parroquias de Oca, Seavia, Verdes, San Paio, Xaviña e outros	85.164,20	0.00	85.164,20

A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial."

32.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA *"NOVA ESTACIÓN DE BOMBEO NO GOLPIÑO POR INCORPORACIÓN DE 6 NOVOS BOMBEOS EN MEIRÁS, LAGO E SEQUEIRO",* DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO 14.2100.0197.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo do Pleno desta Deputación do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica

Logo de aprobar o Concello de Valdoviño un proxecto modificado desta obra sen variación económica, coa conformidade da empresa adxudicataria e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra "Nova estación de bombeo no Golpiño por incorporación de 6 novos bombeos en Meirás, Lago e Sequeiro", do Concello de Valdoviño, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0197.0, cos datos que a continuación se indican, que aínda que non supón modificación do seu orzamento total, si implica unha alteración do trazado previsto no proxecto inicial

			FINANCIAMENTO		
Código	**Concello**	**Denominación**	**Deputación F. propios**	**Concello**	**Orzamento Total**
14.2100.0197.0	Valdoviño	Est. Bombeo no Golpiño (6 novos bombeos)	149.662,41	0,00	149.662,41

2.- Condicionar a aprobación definitiva deste proxecto modificado á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2016 no que se consigna crédito

suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial."

33. APROBACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2016.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pagamento a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e no Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de febreiro de 2016.

2.- Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina web da Deputación Provincial da Coruña."

34. TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE APROBAN OS PLANS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO 2017-2019.

O Pleno toma coñecemento do contido dos Plans orzamentarios a medio prazo 2017-2019, de aprobación pola Presidencia.

35. TOMA DE COÑECEMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES, DE APROBACIÓN POLA PRESIDENCIA.

O Pleno toma coñecemento do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

36. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/2016.

INTERVENCIÓNS

Sra. Fraga Sáenz

Bo día, vou facer unha breve intervención, sobre todo para non decepcionar a José Luis Fernández Mouriño.

Este Expediente de modificación de crédito contén máis de 370 elementos, obras, convenios, subvencións, aboados cos que agora xa si poderiamos e deberiamos dar por pechada a etapa previa que rematou en maio de 2015, maila a intervención que agora comentaba tamén o deputado Regueira. Nestes convenios atópase un, e iso xa é un pouco de carácter informativo, que pasou por este Pleno e que deu bastante que falar, que era a exposición do "Motor da historia", vemos que este modificativo consigna unha cantidade para o aboamento do dito proxecto, faise preciso lembrar que o Concello da Coruña comezou, como era debido, os trámites precisos para esclarecer aquelas dúbidas que teñen manifestado tanto diversos

Grupos, entre eles o noso, como os Servizos de Intervención sobre as cifras do dito convenio.

Reiteramos con iso o noso compromiso pola limpeza, pola responsabilidade cos fondos das institucións e por esclarecer as posibles irregularidades que este convenio poida conter. Anunciamos, pois, pola importancia que ten de cara ao peche de ciclo, o noso voto positivo a este modificativo.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2016 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe de 33.199.800,92 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento): **A.2) Baixas (fontes de financiamento):**

CE. Créditos extraordinarios:	17.094.538,62	Remanente de tesourería:	33.175.164,92
SC. Suplemento créditos:	16.105.262,30	Baixas por anulación:	24.636,00
Total de aumentos:	**33.199.800,92**	**Total financiamento:**	**33.199.800,92**

B) RESUMOS POR CAPÍTULOS DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos **B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos**

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	215.323,00	24.636,00
2. Gastos correntes	2.099.039,06	0,00
3. Gastos financeiros	341,84	0,00
4. Trans. correntes	2.740.430,25	0,00
5. Fondo continx. e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	6.708.548,23	0,00
7. Trans. de capital	21.436.118,54	0,00
8. Activos financeiros	0,00	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00	0,00
TOTAL	**33.199.800,92**	**24.636,00**

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	0,00
2. Impostos indirectos	0,00
3. Taxas e outros ingresos	0,00
4. Transferencias correntes	0,00
5. Ingresos patrimoniais	0,00
6. Alleamento investimentos reais	0,00
7. Transferencias de capital	0,00
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	33.175.164,92
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	**33.175.164,92**

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o estabelecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2015 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

37. APROBACIÓN DA TOMA DE COÑECEMENTO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2015 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do orzamento e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2015.

2.- Remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento ao establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Proceder a remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos presupostos das entidades locais e da información adicional requirida para dar cumprimento á Orde HAP/2082/2014 na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade presupostaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira."

38. TOMA DE COÑECEMENTO DA ACTA DA COMISIÓN LIQUIDADORA DOS ESTADOS CONTABLES PROCEDENTES DA RECADACIÓN DO EXERCICIO 2014.

Toma de coñecemento do contido da acta da comisión conxunta intervención-recadación sobre as actuacións de investigación dos valores de xestión de cobro nas zonas recadatorias correspondentes ao 4ª trimestre do exercicio 2013.

39. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMA PARA 2016.

INTERVENCIÓNS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, non sei se alguén vai intervir neste punto, pero nós tiñamos interese en facer unha intervención, en todo caso, breve.

O equipo de goberno trae unha proposta de modificación do cadro de persoal e da relación de postos de traballo da Deputación tres meses despois da aprobación do orzamento e do cadro de persoal para este ano 2016. Trae unha proposta que significa un incremento en base a unha creación de prazas e amortización de prazas, amortízanse 16 prazas cun custo de 420.270,49 euros, e créanse 17 prazas cun custo de 517.692,69 euros.

No expediente consta a acta da Mesa xeral do día 9 de marzo pasado, na que consta que de oito representantes das organizacións sindicais, catro, CSIF e a CIG votaron en contra desa proposta. Así mesmo, consta no expediente o informe da Intervención que pon de manifesto a obriga por parte da Deputación do cumprimento da limitación establecida con carácter xeral para todo o persoal ao servizo do sector público polo artigo 19 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, que dispón literalmente que no ano 2016 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1% respecto das vixentes a 31 de decembro de 2015. Pois ben, no propio informe da Intervención recolle que a proposta elevada polo Goberno a este Pleno que estamos debatendo, significa un incremento na masa salarial de 270.888,20 euros sobre a prevista inicialmente, é dicir, un incremento sobre o exercicio anterior do 1,68%, substancialmente superior, polo tanto, ao 1% definido na lei e xustificado no propio informe pola recualificación de postos de traballo do grupo C1 ao B e pola creación de

novos postos de traballo dirixidos a poder cumprir as novas funcións das deputacións dispostas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Conclúe o informe da Intervención recomendando tomar en consideración os principios de racionalidade e eficiencia na asignación do gasto público, tendo en conta a situación económica xeral e os obxectivos da política económica entre os que se atopa a contención dos gastos de persoal ao servizo do sector público, así mesmo no derradeiro parágrafo o interventor pon de manifesto que deberán respectarse os límites sobre o gasto de persoal que se fixa na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 e nos termos establecidos nela, límites, entendemos nós, incumpridos desde o momento en que o incremento é do 1,68% fronte a un 1% establecido na lei con carácter xeral. Non obstante, é certo que tendo en conta as vacantes, así como os procesos selectivos para ocupar as diferentes prazas, no momento do peche do exercicio 2016 o incremento da masa salarial efectiva será substancialmente menor ao 1,68% recollido no informe do propio interventor.

No referente ao contido concreto da proposta do Goberno, esta xustifícase en base a aplicación da nomeada Lei 27/2013, non obstante, a propia xustificación da proposta recolle nos seus antecedentes que a Deputación está nestes momentos realizando unha valoración dos postos de traballo que desembocará nunha reestruturación da propia Administración provincial, cuestión coa que estamos absolutamente de acordo. Este traballo, iniciado pola Corporación anterior, tiña como obxectivo rematar a súa confección, de acordo coas informacións que eu teño, no mes de xuño para logo despois convocar a Mesa Xeral de Negociación despois do verán, e integrar a nova valoración de postos de traballo e a correspondente RPT no orzamento de 2017. A que tanta presa para facer esta modificación?, non sería desexable agardar a ter consenso cos representantes dos traballadores?

Con esta proposta, na nosa opinión, o Goberno racha o consenso e os acordos que permitían avanzar nesa valoración de todos os postos, así como na nova RPT da Deputación, e todo iso para aparentemente gañar escasamente oito meses. A verdade é que o Grupo Provincial Popular non comprende esta actitude do Goberno.

En relación co contido propiamente dito da proposta, estamos de acordo, como non podía ser doutro xeito, en incrementar o labor de fiscalización e control por parte dos servizos correspondentes da Deputación, ninguén mellor que o propio interventor coñece a necesidade de crear unha praza de interventor adxunto, non obstante facemos a observación que, se non temos a información errada, ningunha das outras deputacións galegas conta con dous interventores adxuntos. É necesaria esa figura?, non sería máis operativo contar con máis persoal de nivel inferior?

Tamén observamos que na proposta amortízanse dúas prazas técnicas, na nosa opinión, de relevancia, un enxeñeiro superior de obras públicas e un enxeñeiro técnico de obras públicas, creando, é certo, unha praza de xefe de sección non necesariamente, de acordo coas nosas informacións, de formación técnica. É certo que propoñen vostedes a creación dunha praza de arquitecto que na nosa opinión é menos necesaria que as outras dúas prazas de técnicos. Non obstante, cremos que é un erro, a pesar de crear esa praza de arquitecto, descapitalizar tecnicamente esta administración, quen vai realizar a asistencia técnica aos municipios?, quen vai axudar aos municipios nas cuestións técnicas?, quen vai supervisar os proxectos?,

quen vai controlar os proxectos e a execución das obras recollidas nos convenios asinados? Os servizos técnicos, de acordo coas nosas informacións, desta Deputación están certamente colapsados, temos comprobado como se presentan a aprobación expedientes onde o propio técnico redactor asinou a supervisión, probablemente por falta de persoal. Era necesario eliminar esas prazas concretas?, nós cremos que se está descapitalizando tecnicamente, que non vai haber posibilidades de mellorar ese traballo técnico, e probablemente iso traerá como consecuencia que a Deputación terá que recorrer a asistencias técnicas externas, cando o desexable é que os técnicos da Deputación poidan facer os traballos e poidan controlar os traballos que presentan os diferentes concellos e os propios traballos da Deputación.

Nós non estamos de acordo con esa descapitalización técnica, e créanme que non é unha visión corporativa deste portavoz que fai o uso da palabra, que é unha reflexión obxectiva. En definitiva, cremos que este proceder racha coa folla de ruta, o proceder de traer esta modificación da RPT racha coa folla de ruta comprometida para elaborar unha valoración de postos de traballo iniciada no mandato anterior, non estamos de acordo na descapitalización técnica da Deputación, non vemos serio que se modifique a RPT aos tres meses da súa publicación, e por último vemos con preocupación o incremento do custo que significa esta modificación. Non obstante, estamos a favor de que os servizos de fiscalización e control desta casa incrementen a súa eficacia, a prol de prestar un mellor servizo aos concellos, este Grupo Provincial vaise abster neste punto. Moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

Bo día a todos. En primeiro lugar, benvido Manolo, unha vez máis a esta casa. A verdade é que me sorprende a intervención do portavoz do Grupo Popular, e por outra banda déixame un pouco máis relaxado, porque pensei que ía votar en contra, tampouco esperaba que votara a favor, sinceramente. Xa na Comisión dinlles un, penso, pero quizá non fora así, atinado reflexo da situación naquel momento e empezaba dicindo que non era a RPT que nós quixeramos, non é a RPT deste Goberno, é a RPT e os vimbios que temos, e son vimbios que veñen tamén dunha herdanza, e faga vostede un pouco de memoria, e mire vostede a volta atrás, porque para conducir tamén hai que mirar polo retrovisor, e mire a amortización de postos de traballo que fixeron vostedes nos exercicios anteriores e que condicionan os movementos que este Goberno ten que facer en materia de persoal. Os movementos que fai este Goberno en materia de persoal, repito, que non son os que nós quixeramos, porque quixeramos ter máis vimbios, pero lamentablemente non é así, pero son os que son, e nese sentido estamos sendo coherentes, conscientes, e imos cumprir nese sentido.

Mire, cando facemos estes movementos, non pensamos soamente nos traballadores, nos 750 traballadores que ten esta casa, estamos pensando nos centos de miles de cidadáns que están na rúa, que están nos concellos, e nos traballadores tamén que están nos propios concellos, e nos servizos que todos como alcaldes, alcaldesas, deputados, deputadas, concelleiros e concelleiras, facemos cada día na nosa administración, sexa aquí ou sexa nos concellos.

Cando vostede me está falando, está falando de creación de prazas, que cuestiona, como a de interventor adxunto, que ademais pon vostede de exemplo que

outras administracións non a teñen, pois posiblemente non a teñan outras administracións, outras deputacións, é posible que non o teñan, pero a realidade que ao mellor a realidade da Deputación de Pontevedra, da de Lugo e de Ourense é moi distinta nese sentido a que temos nós aquí.

E precisamente indo nesa liña, na liña ademais de dar servizo aos concellos porque é a nosa máxima preferencia neste momento, nós vemos e consideramos que este tipo de movementos e a praza de interventor adxunto é, máis que nunca, necesaria. Voulle poñer un exemplo, grazas precisamente ao labor que estamos facendo na Deputación, ao esforzo que se está facendo desde o departamento de Intervención, hai concellos que neste momento están sacando facturas adiante, hai concellos que teñen máis dun millón de euros en facturas sen poder sacar adiante porque non teñen medios materiais para poder levar este labor. Hai concellos que tardaron en pagar as nóminas aos seus traballadores, e grazas a nosa intervención, grazas a intervención dos departamentos desta Deputación estase levando a cabo este labor, co cal debemos de alegrarnos de que este reforzamento destes servizos, que non é outro que os movementos que fai a RPT, que reforzar os servizos que esta casa é a nosa obriga de dar aos cidadáns e dar aos concellos da provincia.

Estamos reforzando unha área de Servizo de asistencia técnica presupostaria a municipios, que é onde imos tamén encadrar o servizo de nóminas, reforzar o servizo de nóminas, e de Intervención dos concellos porque recórdolles que cada vez máis concellos nos demandan estes servizos. Isto é unha boa nova, pero tamén é un compromiso que temos que adquirir con eles.

Pasa exactamente o mesmo co Servizo de Multas e outros moitos servizos que esta Deputación está prestando cada vez máis e con máis garantías, a todos os concellos que así nolo demandan da nosa provincia. Quen ía dicir que A Coruña ou que Compostela nos ían demandar máis servizos?, pois benvidos sexan, e esperamos estar á altura e poder dar eses servizos a todos os concellos da provincia, e ese é o noso cometido, e ese é o cometido e son os movementos que fixemos nós nesta RPT cos vimbios que temos. E, por suposto, oxalá non fixera falta facer a RPT, oxalá non fixera falta, tamén oxalá non fixera falta ter que acudir ao Concello de Coristanco para que puidera sacar as facturas para adiante, oxalá non fixera falta para que o interventor fora ao Concello de Coristanco para que os traballadores cobraran as nóminas, oxalá, pero iso é unha realidade que nós temos que asumir e que está aí.

Entón, todos os movementos que estamos facendo son en prol dos concellos da provincia, e en prol dos traballadores tamén e dos cidadáns da provincia, e cos vimbios, repito, que nós herdamos.

Tamén hai que dicir, vostede xa puxo unha de cal e outra de area en canto á masa salarial, non dubide vostede que non imos ser cumpridores coa masa salarial e cos informes que nos di Intervención, imos ser cumpridores ao máximo, pero por suposto que vostede ben sabe que no que queda de ano cumprímola perfectamente. O 2017 non se preocupe vostede que imos seguir na liña de seguir cumprindo esa masa salarial.

Mire, a RPT faise consensuada cos servizos e cando facemos movementos cos vimbios que temos, facémolo consensuado cos servizos, si que é certo que ás

veces non lle podemos dar todos os vimbios que os servizos nos demandan, pero temos que facer ese encaixe de palillos para que os servizos teñan, nunca mellor dito a máxima eficiencia para poder desenvolver o seu labor.

Polo tanto, estanse cumprindo as peticións que nos demandan nos servizos desta casa para poder cumprir tamén coas esixencias que nos fan os cidadáns, e os sindicatos son sabedores diso. Estamos enclavados nunha valoración de postos de traballo neste momento, que o que non pode ser é que esa valoración de postos de traballo nos atasque e nos paralice os movementos que teñamos que facer ao longo do ano. É unha valoración de postos de traballo que, por certo, vostedes din que a deixaron feita pero a realidade é que os sindicatos a rexeitaron, e tivemos que volver a empezar desde cero, oxalá estivera feita e xa nos evitariamos facer ese traballo. Pero, repito, facer a valoración de postos de traballo, que é unha esixencia de todos, e que estamos ademais moi ilusionados en que saia adiante, porque é facerlle un recoñecemento aos traballadores desta casa, non ten por que paralizar os movementos que a casa e os cidadáns nos demandan día a día.

Polo tanto, repito, e remato como empecei, non é a RPT que nós quixeramos, pero son os vimbios que nós temos e eses vimbios estamos intentando axeitalos o mellor posible e esperamos acertar coa axuda de todos. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 16 deputados (13 do PP e 3 de Marea Atlántica).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP e Marea Atlántica, acorda:

"1º.- De conformidade coa normativa legal vixente, facendo uso da potestade de autoorganización, partindo das propostas recibidas e negociadas, especifícanse os novos postos e prazas, funcións e reasignacións, reestrutúranse os seguintes servizos e en consecuencia a relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama de 2016 amortizando ademais as prazas e postos que tamén se expresan:

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO- FINANCEIRA

Crear unha praza e posto de interventor/a adxunto/a, coas seguintes funcións:

- Dirixir e coordinar o Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica aos Concellos e desempeñar os cometidos propios da función interventora que lle corresponda á Deputación provincial na súa competencia de asistencia económica aos concellos.
- Colaborar coa Intervención Xeral da Deputación provincial na xestión orzamentaria provincial e na asistencia económica aos concellos, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral e actuando con responsabilidade propia no desempeño das súas funcións.
-

Amortizar a Xefatura de Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, modo de provisión por habilitado nacional.

Crear a Xefatura de Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos co contido funcional da anterior Xefatura de Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica incluíndo ademais a asistencia a concellos en materia de nóminas; inclúese tamén a dita función de asistencia en materia de nóminas no posto de Xefatura de Sección II .

Adscribir á Sección II do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos un posto de técnico/a de Organización e outro de asesor/a técnico do Servizo de Planificación e Xestión de RR.HH.

Crear un posto e praza asociada de Xefatura de Negociado na Sección II do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos.

TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS

Modificar a forma de provisión do posto da Xefatura da Unidade Central de Recadación Executiva (UCRE) por concurso.

Crear un posto e praza asociada de Xefatura de Negociado dependente da Inspección de Tributos Locais, coas seguintes funcións:

- Colaborar coa inspectora- xefa en todas as tarefas de dirección e xestión.
- Decidir conxuntamente coa inspectora- xefa os criterios xerais que se van utilizar para determinar a complexidade das actuacións inspectoras e distribuír as tarefas entre os funcionarios da Inspección.
- Dirixir e coordinar ou realizar a instrución do procedemento inspector baixo a supervisión ou en colaboración coa inspectora-xefa cando o considere conveniente, atendendo á complexidade das actuacións. Firma conxunta das actas.
- Realizar a instrución dos procedementos de obtención de información de terceiros.
- Desenvolver as funcións propias do procedemento inspector.
- Dirixir e coordinar ou realizar directamente a instrución do procedemento sancionador.

Crear dúas prazas e postos de auxiliar de administración xeral para a Unidade de Instrución de Sancións Municipais (UISM)

Crear dúas prazas e postos de administrativo/a de Administración Xeral nas Zonas Recadatorias 1 e 3.

SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS

Amortizar o posto e praza de enxeñeiro superior de Obras Públicas.

Amortizar o posto e praza de enxeñeiro técnico de Obras Públicas.

Crear un posto e praza de xefatura de Sección, coas seguintes funcións:

- Dirección, coordinación, impulso e fiscalización das actividades propias da Sección.
- Xestión e control do persoal propio ou adscrito á Sección.
- Asesoramento, colaboración e desenvolvemento executivo en todas as funcións xerais atribuídas ao Servizo.
- Substitución orgánica do xefe do Servizo na súa ausencia.
- Utilización e mantemento dos medios tecnolóxicos do Servizo.
- Asistencia ás actividades formativas relacionadas coas súas funcións.
- Desenvolvemento executivo das funcións relativas á Infraestrutura de datos espaciais da Coruña, en especial as referentes ao EIEL.
- Execución de todas as funcións propias do Servizo que estean relacionadas coa súa especialidade.

- Realización doutras tarefas atribuídas á súa especialidade que se sexan encomendadas por vía regulamentaria.

Crear unha praza e posto de arquitecto/a A1, coas seguintes funcións:

- Asesoramento, colaboración e desenvolvemento executivo en todas as funcións xerais atribuídas ao Servizo.
- Substitución orgánica da Xefatura de Sección na súa ausencia.
- Utilización e mantemento dos medios tecnolóxicos do Servizo.
- Asistencia ás actividades formativas relacionadas coas súas funcións.
- Execución de todas as funcións propias do Servizo relacionadas coa súa especialidade.
- Outras tarefas atribuídas á súa especialidade encomendadas por vía regulamentaria.

Adscribir dos Servizos Xerais dos Servizos Técnicos , os seguintes postos:
Unha de delineante.
Dous de administrativo/a de administración xeral.

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Adscribir os seguintes postos do Servizo de Asistencia Técnica a Concellos:
Un de enxeñeiro/a de Camiños, Canais e Portos.
Un de enxeñeiro técnico de Obras Públicas

Adscribir os seguintes postos dos Servizos Xerais dos Servizos Técnicos:
Un de Xefatura de Negociado.
Tres de administrativo/a de administración xeral.
Un de auxiliar de administración xeral.
Dous de delineantes.

SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO

Amortizar a praza e posto de operario/a agrícola.

Adscribir os seguintes postos dos Servizos Xerais dos Servizos Técnicos:
Un de delineante- coordinador C1/B
Un de delineante C1/B

Dous de administrativo/a de administración xeral.

OFICIALÍA MAIOR

Modificar a denominación das Xefaturas de Negociado da Sección de Información e Actas da seguinte forma:
Xefatura de Negociado I, a actual de Información e Rexistro,
Xefatura de Negociado II, a de Actas e Acordos.

Amortizar unha praza e posto de subalterno/a.

Amortizar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral de Sección de Información e Actas.

Amortizar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral da Imprenta.

Crear unha praza e posto de operario/a de imprenta, coas seguintes funcións:

- Manexar todo tipo de maquinaria auxiliar.
- Carga e descarga de mercadorías.
- Transporte e clasificación de xéneros.
- Embalaxe.
- Expedición de pedidos (Almacén).
- Control e organización do almacén seguindo as instrucións do seu xefe inmediato.

- Manexo de carretillas.
- Mantemento preventivo da maquinaria da Imprenta.
- Calquera outra tarefa auxiliar que correspondan ás funcións propias do seu posto de traballo.

Transformar un posto de condutor en condutor- coordinador, engadindo ás funcións propias de condutor as de apoio administrativo á Xefatura de Negociado.

DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE

Amortizar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral.

Transformar a praza e posto de técnico financeiro-tributario nunha praza e posto de técnico de xestión de proxectos.

IES PUGA RAMÓN

Amortizar unha praza e posto de profesor/a de Fogar (A2).

Crear unha praza e posto de profesor/a de secundaria (A1).

CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO

Amortizar unha praza e posto de costureira.

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

Modificar a denominación dos seguintes postos:

Educador/a- titor/a (C1), por titor (B/C1).

Educador/a (C1) por titor de garda (B/C1).

Amortizar un posto de telefonista e a praza asociada

Transformar un posto de celador nun posto de encargado de portería e prazas asociadas coas mesmas condicións económicas.

Crear dúas prazas e postos de educador/a/monitor/a (A2).

Crear unha praza e posto de titor/a (B/C1).

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

Modificar a denominación dos postos de educador (C1) por titor/a (B/C1)

Amortizar unha praza e posto de auxiliar educador/a.

Amortizar dúas prazas e postos de operario/a de servizos varios.

Crear unha praza e postos de titor/a (B/C1).

Crear unha praza e posto de educador/a (A2).

BIBLIOTECA

Amortizar un posto e praza de auxiliar de administración xeral.

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Amortizar unha praza e posto de analista técnico.

2ª.- Aprobar o cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama para 2016:

	CADRO DE PERSOAL 2016			
	DENOMINACIÓN	**SUBGRUPO**	**Nº PRAZAS**	**TOTAL**
HABILITACIÓN NACIONAL				**8**
	Secretario xeral	A1	1	
	Interventor xeral	A1	1	
	Tesoureiro	A1	1	
	Oficial Maior	A1	1	
	Viceinterventor	A1	1	
	Interventor adxunto	A1	2	
	Vicetesoureiro	A1	1	
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				**323**
SUBESCALAS				
	Técnica	A1	36	1 (*)
	Xestión	A2	16	
	Administrativa	C1	214	39 (*)
	Auxiliar	C2	31	3 *
	Subalterna	E (Lei 30/84)	26	9 *
ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
SUBESCALA TÉCNICA				
CLASE TÉCNICOS SUPERIORES				**146**
	Letrado asesor xurídico	A1	1	
	Letrado adxunto	A1	2	
	Enxeñeiro de edificación	A1	1	
	Arquitecto	A1	3	

	Enxeñeiro civil	A1	1	
	Enxeñeiro de camiños, canais e portos	A1	2	
	Arquiveiro bibliotecario	A1	1	
	Técnico de organización	A1	11	
	Técnico superior Informática	A1	8	
	Técnico superior Unión Europea	A1	2	
	Analista	A1	7	
	Técnico normalización lingüística	A1	2	
	Técnico políticas de igualdade	A1	1	
	Xefe de servizo de xestión tributaria	A1	1	
	Inspector de tributos locais	A1	2	
	Profesor secundaria R. Puga Ramón	A1	37	1*
	Profesor secundaria Calvo Sotelo	A1	8	
	Xefe de servizo asistencia técnica	A1	1	
	Administrador da contorna informática	A1	2	
	Recadador de tributos locais	A1	1	
	Técnico biblioteca e arquivo	A1	2	
	Técnico de xestión de proxectos	A1	4	
	Psicólogo	A1	2	1 *
	Director Fogar Infantil Emilio Romay	A1	1	
	Técnico servizos sociais	A1	1	
	Técnico financeiro tributario	A1	34	
	Profesor/a de música pianista	A1	3	
	Profesor/a de danza	A1	5	
CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO				**88**
	Profesor/a de música pianista	A2	2	
	Profesor/a de danza	A2	1	
	Arquitectos técnicos	A2	4	

	Enxeñeiro técnico agrícola	A2	1	
	Enxeñeiro técnico industrial	A2	2	
	Enxeñeiro técnico de obras públicas	A2	5	
	Analista programador	A2	1	
	Encargado de imprenta	A2	1	
	Técnico de servizos sociais	A2	3	
	Axudante de arquivo e biblioteca	A2	9	
	Enxeñeiros técnicos en topografía	A2	2	
	Técnicos de xestión económico-financeira	A2	3	
	Profesor E.F. Instituto Puga Ramón	A2	2	
	Analistas técnicos	A2	5	
	Técnicos de xestión tributaria	A2	16	
	Profesores técnicos de FP	A2	17	
	Profesor de apoio IES Puga Ramón	A2	1	
	ATS/DUE de empresa	A2	1	
	ATS/DUE	A2	1	1 *
	Asesor de sistemas de xestión municipal	A2	1	
	Técnico de xestión de administración especial	A2	1	
	Educador/a-monitor/a	A2	2	
	Educador/a centro de día	A2	3	
	Técnico de protocolo	A2	1	
	Asesor técnico	A2	2	
	Técnico en prevención de riscos laborais	A2	1	
CLASE TÉCNICOS AUXILIARES				**66**
	Delineantes	C1	5	
	Programador de sistemas	C1	2	
	Técnico de explotación nocturna	C1	1	
	Programador de aplicacións	C1	5	

	Operador de computador	C1	3	
	Axentes tributarios	C1	2	
	Especialista en Educación Infantil	C1	2	
	Titor/a de garda	C1	5	
	Titor/a	C1	8	
	Auxiliar técnico en infraestruturas e conservación	C1	16	
	Oficial de imprenta	C1	13	3 ocupadas por oficiais industriais 9 *
	Oficial responsable impresión e postimpresión	C1	1	*
	Oficial responsable preimpresión	C1	1	*
	Oficial responsable edición e deseño gráfico	C1	1	*
	Gobernante/a	C1	1	*
SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS				
PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS				**67**
	Condutores mecánicos	C2	10	
	Auxiliar educador	C2	43	
	Subgobernanta	C2	1	
	Telefonista	E (Lei 30/84)	1	
	Celadoras	E (Lei 30/84)	10	3*
	Celadora/subalterno	E (Lei 30/84)	1	
	Costureiras	E (Lei 30/84)	1	
PERSOAL DE OFICIOS				**37**
	Oficial operario de servizos	C2	5	3 *
	Cociñeiros	C2	12	7 *

	Auxiliar técnico en topografía	C2	2	*
	Técnico de son	C2	1	*
	Oficial de mantemento	C2	1	*
	Operario de imprenta	C2	1	
	Axudantes de cociña	E (Lei 30/84)	4	1 *
	Camareiras	E (Lei 30/84)	3	
	Operario de servizo	E (Lei 30/84)	1	
	Operaria de servizos varios	E (Lei 30/84)	6	2 *
	Mozo de servizo	E (Lei 30/84)	1	
			735	
PERSOAL EVENTUAL				**27**
	Asesores	A1	3	
	Técnicos	A2	6	
	Administrativos	C1	10	
	Auxiliares	C2	8	
	* = ocupada por persoal laboral			

CÓDIGO POSTO	POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGRUPO		DOT.	TP	F. PROV.	ADM.	ESC.	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS	C. ESPECÍFICO 2016
	GABINETE DE PRESIDENCIA												
1.1.213.1	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.211.1	Secretario/a Gabinete	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.205.1	Secretario/a de Presidencia	22	C1			1	N	C		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.231.3	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70

1.1.213.4	Secretario/a Gabinete de Presidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.8.1	Secretario/a de Vicepresidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.8.2	Secretario/a de Vicepresidencia	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.374.1	Xefatura de negociado de prensa	22	C1			1	N	LD		AG	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.375.1	Xefatura de sección de protocolo	24	A2			1	N	C		AG/ AE	1/2/9		Especial dedicación F14	27.706,32
1.1.221.1	Xefatura de Negociado	22	C1			1	N	LD		AG/ AE	3		Especial dedicación	17.558,70
1.1.15.75	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.94	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
	ASESORÍA XURÍDICA													
1.1.36.1	Asesor xurídico	28	A1			1	S	C		AE	Ldo. Dereito		Especial dedicación	27.976,70
1.1.60.1	Letrado asesor adxunto	26	A1			1	S	C		AE	Ldo. Dereito		Especial dedicación	26.814,11
1.1.60.3	Letrado asesor adxunto	26	A1			1	S	C		AE	Ldo. Dereito		Especial dedicación	26.814,11
1.1.15.166	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		Especial dedicación	13.086,99
1.1.15.38	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F5	8.678,24
1.1.3.68	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
	SECRETARÍA XERAL													
1.1.136.1	Secretario Xeral	30	A1			1	S	LD		HN			Hab. Estatal Especial dedicación	41.070,05
1.1.22.1	Secretario/a de Secretaría Xeral	22	A2	C1		1	N	LD		AG	2/3/9		F5	12.517,82
	OFICIALÍA MAIOR													
1.1.137.1	Oficial Maior	30	A1			1	S	LD		HN			Hab. Estatal Especial dedicación F9	37.416,56
1.1.181.1	Secretario/a de Oficialía Maior	22	A2	C1		1	N	LD		AG	2/3/9		F5	12.517,82
1.1.15.199	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	III.3	C		AG	3		(*)	6.427,90
	INFORMACIÓN E ACTAS													
1.1.305.1	Xefatura de sección de información e actas	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9		F2-F5-F6-F10	22.572,47
1.1.46.1	Técnico superior Unión Europea	22	A1			1	N	C		AE	1/7		F6	10.259,78

1.1.306.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F2-F10	12.467,80
1.1.354.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F10	11.154,80
1.1.204.1	Técnico coordinador normalización lingüística	24	A1			1	S	C		AE	Lic. Fil. H-Galego			10.472,93
1.1.52.2	Técnico de normalización lingüística	22	A1			1	N	C		AE	Lic. Fil. H-Galego			8.643,78
1.1.15.65	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.172	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.173	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.174	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.175	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F3-F10	9.861,80
1.1.15.176	Administrativo (información e actas)	19	C1			1	N	C		AG	3		F2-F10	9.356,80
1.1.15.196	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F2-F10	9.356,80
1.1.3.156	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2			1	N	C		AG	4		F3-F10	9.236,96
1.1.3.157	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2			1	N	C		AG	4		F3-F10	9.236,96
1.1.3.158	Auxiliar administrativo (inform. e actas)	16	C2			1	N	C		AG	4		F3-F10	9.236,96
	SERVIZOS INTERNOS													
1.1.3.145	Xefatura de servizos internos	18	C2			1	N	C		AG	4		Especial dedicación	15.047,65
1.1.3.146	Subxefatura de servizos internos	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.11.2	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.3	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.6	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.7	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.8	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.9	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.21	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.22	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.23	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51

1.1.11.24	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.26	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
1.1.11.28	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
	ARQUIVO													
1.1.355.1	Xefatura de sección de arquivo	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9			14.291,72
1.1.307.1	Xefatura de negociado de arquivo	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9			9.539,41
1.1.69.1	Técnico de arquivo-biblioteca	22	A1			1	N	C		AE	Ldo. Xeog. H.-Biblioteconomía			8.643,78
1.1.15.45	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.200	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	III.3	C		AG	3		(*)	6.427,90
1.1.11.25	Subalterno	13	E			1	N	C		AG	5			5.575,51
	IMPRENTA													
1.1.81.1	Encargado de imprenta	21	A2			1	N	C		AE	2		Especial dedicación	18.119,56
1.1.379.1	Oficial responsable de impresión e postimpresión	22	C1	B		1	III.1. A	C		AE	3		(*)	9.539,41
1.1.380.1	Oficial responsable Fotocomposición	22	C1	B		1	III.1. A	C		AE	3		(*)	9.539,41
1.1.381.1	Oficial responsable edición e deseño gráfico	22	C1	B		1	III.1. A	C		AE	3		(*)	9.539,41
1.1.377.1	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3		3 ocupados por Oficiais industriais	6.677,90
1.1.377.2	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3		3 ocupados por Oficiais industriais	6.677,90
1.1.377.5	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3		3 ocupados por Oficiais industriais	6.677,90
1.1.377.8	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	N	C		AE	3		3 ocupados por Oficiais industriais	6.677,90
1.1.377.3	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.4	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.6	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.7	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.9	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.10	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.11	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.377.12	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90

1.1.377.13	Oficial de imprenta	19	C1	B		1	III.3	C		AE	3		(*)	6.677,90
1.1.15.24	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
NOVO	Operario de imprenta	16	C2			1	N	C		AE	4			5.802,91
	PARQUE MÓBIL													
1.1.295.1	Xefatura de negociado parque móbil	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG	2/3/9		F9	10.440,69
	Condutor coordinador	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.112.1	Condutor de presidencia	15	C2			1	N	LD		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	20.712,70
1.1.112.2	Condutor de presidencia	15	C2			1	N	LD		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	20.712,70
1.1.117.6	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.1	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.2	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.4	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.5	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.6	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
1.1.109.7	Condutor	15	C2			1	N	C		AE	4		Especial dedicación F11-F12-F13	13.364,28
	SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN													
1.1.356.1	Xefatura de servizo de patrimonio e contratación	28	A1			1	S	CE		AG/ AE	10		Especial dedicación F9	28.877,70
1.1.308.1	Xefatura de sección I	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9		F9	15.192,86
1.1.378.1	Xefatura de sección II	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9			14.291,72
1.1.309.1	Xefatura de negociado I	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F8	10.260,27
1.1.310.1	Xefatura de negociado II	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9			9.539,41
1.1.311.1	Xefatura de negociado III	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F8	10.260,27
1.1.312.1	Xefatura de negociado IV	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9			9.539,41
1.1.406.2	Técnico administración xeral	22	A1			1	N	C		AG	1			8.643,78

1.1.178.5	Técnico de xestión de admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AG	9			7.821,12
1.1.15.177	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.15.7	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.99	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.121	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.136	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.144	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.178	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.197	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.3.159	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91
1.1.3.143	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4			5.802,91
1.1.394.1	Xefatura de sección de patrimonio	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9			14.291,72
1.1.361.1	Xefatura de negociado de patrimonio	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F8	10.260,27
1.1.15.118	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F8	7.148,76
1.1.15.41	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
	INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA													
1.1.138.1	Interventor xeral	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	41.070,05
1.1.140.1	Viceinterventor	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56
1.1.141.1	Interventor adxunto	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56
NOVO	Interventor adxunto	30	A1			1	S	LD		HN			Habilitación estatal. Especial dedicación	36.515,56
1.1.21.1	Secretaria	22	A2	C1		1	N	LD		AG	2/3/9		F5	12.517,82
1.1.21.2	Secretaria	22	A2	C1		1	N	LD		AG	2/3/9		F5	12.517,82
	SERVIZO DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO													
1.1.344.1	Xefatura de servizo de fiscalización e control	28	A1			1	S	CE		AG/ AE	10		Especial dedicación	27.976,70

	financeiro													
1.1.321.1	Xefatura de sección de control I	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9		F2-F5-F6	20.956,53
1.1.345.1	Xefatura de sección de control II	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9			14.291,72
1.1.322.1	Xefatura de negociado fiscalización subvenciones	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F2-F5	13.830,73
1.1.323.1	Xefatura de negociado contratos e outros gastos correntes	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F2-F5	13.830,73
1.1.324.1	Xefatura de negociado fiscalización plans e outros gtos con financiamento afectado	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F2-F5	13.830,73
1.1.325.1	Xefatura de negociado fiscalización de persoal	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F2-F5	13.830,73
1.1.326.1	Xefatura de negociado control de ingresos	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9		F2-F5	13.830,73
1.1.346.1	Xefatura de negociado control financeiro e auditoría de gastos	22	A1	A2	C1	1	N	C		AG/ AE	2/3/9			9.539,41
1.1.178.8	Técnico xestión admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AG	2		F2-F6	10.750,12
1.1.178.9	Técnico xestión admón. xrl.	21	A2			1	N	C		AG	2		F2-F6	10.750,12
1.1.32.6	Técnico de xestión económico-financeira	21	A2			1	N	C		AE	2		F2-F6	10.750,12
1.1.33.27	Técnico de xestión tributaria	21	A2			1	N	C		AE	2			7.821,12
1.1.15.3	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.80	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.181	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.182	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.183	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.184	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.185	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.187	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.188	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90

1.1.15.189	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.190	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.191	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.15.192	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F3	8.245,90
1.1.3.160	Auxiliar admón. xrl.	16	C2			1	N	C		AG	4		F8	6.523,91
	SERVIZO DE CONTABILIDADE													
1.1.245.1	Xefatura de servizo de contabilidade	28	A1			1	S	CE		AG/ AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.42.1	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	1/6/10		F2-F6	11.572,78
1.1.42.3	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	1/6/10		F2-F4-F6	13.087,78
1.1.42.4	Técnico de organización	22	A1			1	S	C		AE	1/6/10		F2-F4-F6	13.087,78
1.1.269.1	Xefatura de sección de formación	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9/10			14.291,72
1.1.15.18	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.58	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.86	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
1.1.15.88	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3			6.427,90
	SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA													
1.1.302.1	Xefatura de servizo de informática e administración electrónica	28	A1			1	S	CE		AG/ AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.303.1	Xefatura de sección de asistencia informática	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/6/9/10		F2-F6	17.220,72
1.1.45.12	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F6	11.572,78
1.1.90.13	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
1.1.90.15	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
1.1.290.2	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.290.5	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en		F2-F6	9.837,34

										informática			
1.1.290.6	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.281.1	Xefatura de sección de administración electrónica	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/6/9/10		F2-F6	17.220,72
1.1.45.6	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F6	11.572,78
1.1.45.11	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F7	13.024,36
1.1.289.6	Asesor técnico	22	A2			1	S	C		AE	9		F1-F3	10.750,12
1.1.90.12	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
1.1.290.7	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.290.14	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
	SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE													
1.1.301.1	Xefatura de servizo de sistemas e soporte	28	A1			1	S	CE		AG/ AE	10		Especial dedicación	27.976,70
1.1.319.1	Xefatura de sección de sistemas e infraestruturas	24	A1	A2		1	S	C		AG/ AE	1/2/9		F7	18.027,55
1.1.45.7	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F7	13.024,36
1.1.45.8	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F7	13.024,36
1.1.90.14	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
1.1.290.9	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.290.10	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.304.1	Xefatura de sección de soporte e atención a	24	A1	A2		1	S	C		AG/	1/2/9		F2-F6	17.220,72

	usuarios									AE				
1.1.45.9	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F7	13.024,36
1.1.45.10	Técnico superior informática	22	A1			1	N	C		AE	1/6		F2-F6	11.572,78
1.1.90.10	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
1.1.90.11	Analista técnico	22	A2			1	N	C		AE	9		F2-F6	10.750,12
1.1.290.15	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.290.16	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.290.17	Analista programador	20	C1	B		1	N	C		AE	FP2 Informática de xestión / Técnico superior en informática		F2-F6	9.837,34
1.1.15.167	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
1.1.15.168	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
1.1.15.170	Administrativo admón. xrl.	19	C1			1	N	C		AG	3		F1-F3	9.356,90
						735								0,00
	ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO													
1.3.3.1	Técnico	24	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación	25.731,97
1.3.3.11	Técnico	24	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación	25.731,97
1.3.3.12	Técnico	24	A1			1	E	EVENT					Especial dedicación	25.731,97
1.3.4.6	Técnico	21	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación	16.086,09
1.3.4.7	Técnico	21	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación	16.086,09
1.3.4.8	Técnico	21	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación	16.086,09
1.3.4.9	Técnico	21	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación	16.086,09
1.3.4.10	Técnico	21	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación	16.086,09

1.3.4.11	Técnico	21	A2			1	E	EVENT					Especial dedicación	16.086,09
1.3.5.3	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.4	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.12	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.13	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.14	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.15	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.16	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.17	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.18	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.5.19	Administrativo	19	C1			1	E	EVENT					Especial dedicación	13.121,35
1.3.6.7	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.8	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.9	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.10	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.11	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.12	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.13	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80
1.3.6.14	Auxiliar	16	C2			1	E	EVENT					Especial dedicación	11.566,80

Deputación
DA CORUÑA

ORGANIGRAMAS
2016

INFORMACIÓN E ACTAS



SERVIZOS INTERNOS



IMPRENTA


SECRETARÍO XERAL
A1
OFICIAL MAIOR
A1
ENCARGADO IMPRENTA
A2
OFICIAL RESPONSABLE DE IMPRESIÓN E POSTIMPRESIÓN
C1/B
OFICIAL RESPONSABLE DE FOTOCOMPOSICIÓN
C1/B
OFICIAL RESPONSABLE DE EDICIÓN E DESEÑO GRÁFICO
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
C1/B
OFICIAL DE IMPRENTA
VACANTE
C1/B
ADMINISTRATIVO ADMON. XERAL
C1
OPERARIO DE IMPRENTA
VACANTE
C2

PARQUE MÓBIL



INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA



SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS



TESOURERÍA E XESTIÓN DE TRIBUTOS



ZONAS RECADATORIAS



SERVIZO DE VÍAS E OBRAS



SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A CONCELLOS



SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE



I.E.S. PUGA RAMÓN



CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO



FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY



CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL



BIBLIOTECA


ARCHIVERO/A - BIBLIOTECARIO/A
A1
ADMINISTRATIVO ADMON. XERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMON. XERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMON. XERAL
C1
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
INTERINADA
A2
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
A2
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
A2
AUXILIAR ADMON. XERAL
C2
AUXILIAR ADMON. XERAL
C2
AUXILIAR ADMON. XERAL
C2
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
VACANTE
A2
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
VACANTE
A2
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
INTERINADA
A2
SUBALTERNO
E
SUBALTERNO
INTERINADA
E
SUBALTERNO
INTERINADA
E
SUBALTERNO
INTERINADA
E
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
INTERINADA
A2
AXUDANTE DE ARQUIVO E BIBLIOTECA
A2
OPERARIO AUXILIAR SERVIZOS BIBLIOTECA
ADSCRIPCIÓN PROVISIONAL
C2
ESPECIALISTA EDUC.INFANTIL
C1/B
ESPECIALISTA EDUC.INFANTIL
C1/B

40.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE 28ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL PARA 2016 QUE REGULA OS CONTRATOS MENORES.

Sr. Secretario

A este ditame hai unha emenda presentada por Marea Atlántica.

Sr. Díaz Grandío

Bo día. Na pasada semana achegouse a todos os Grupos que conformamos este Pleno a proposta de modificación desta base 28 do orzamento en curso. Ese mesmo día foi remitida, este Grupo rexistrou, dúas emendas para ampliación desta base. O Grupo Provincial da Marea Atlántica está de acordo co grupo de Goberno en que esta base precisa ser modificada e o límite dos contratos menores ampliado para un mellor funcionamento desta Deputación, pero cremos tamén que toda modificación proposta pode e debe de ser utilizada para a optimización dos servizos, e neste caso para avanzar co que ten que ver na transparencia na administración. Con este fin foron consultadas estas emendas con persoal experto en Contratación, e o que si que nos foi trasladado foi que algún atranco ao que se aludiu nalgún momento por membros deste Goberno tras a súa presentación non son tal, de feito ese proceso de informatización que se está levando a cabo no Servizo de Contratación e que xa está en marcha, dálle a saída, practicamente, dun xeito automático e simple a esta petición. En virtude disto damos lectura a esas dúas emendas que é no punto A onde nas normas comúns a todos os contratos menores onde di "Na tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 euros, IVE excluído, se o órgano de Contratación decidise publicar anuncios na convocatoria en diarios oficiais ou en prensa, non se liquidará importe ningún ao contratista adxudicatario polo reintegro de gastos de anuncios a cargo de contratistas", nós o que engadimos é "A tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 euros, IVE excluído, debe publicarse na páxina web, no caso de que ademais…" a seguinte parte continuaría do mesmo xeito.

Presentamos a segunda emenda, sería a inclusión dunha cláusula co seguinte título e contido, que sería cláusula G) Publicidade da adxudicación, que versaría: "As adxudicacións de todos os contratos menores, con independencia da súa contía e procedemento deben publicarse na web da Deputación".

Sr. Soto Vivero

Bo día, este Grupo provincial e o Goberno provincial van votar en contra da emenda, que penso que é única, é unha emenda que ten dúas partes pero é unha emenda única, non son dúas emendas, vai votar en contra da parte da emenda que se refire á publicación no perfil de todos os contratos menores, simplemente porque é inviable, a día de hoxe é totalmente inviable por unha insuficiencia manifesta de medios humanos e de medios materiais para levalo a cabo. Podemos estar máis ou menos de acordo co espírito do que se traslada aquí, pero non podemos votar a favor de algo que despois realmente na práctica non imos poder cumprir.

Pero máis alá desa cuestión hai que facer referencia tamén a que é o que se está solicitando, o que se está solicitando aquí é un pouco incongruente co que acaba de manifestar o portavoz de Marea Atlántica, se está realmente a favor da proposta da base 28, eu entendo que a proposta de emenda que se está levando aquí ten moito de incongruente con ese posicionamento a favor. Nós entendemos que non podemos votar a favor porque non é viable, sería meter nun compromiso bastante grande tanto a xestores políticos, como tamén meter nun compromiso de posible incumprimento a funcionarios públicos, é dicir, o feito de aprobar aquí unha cuestión en Pleno, tomar un acordo plenario que despois non imos poder levar a cabo na práctica a curto, medio prazo.

O Goberno provincial está conformado por dous Grupos provinciais que pretenden ser serios, eu entendo que ás veces incluso o damos conseguido ser serios, e o que non imos facer é chegar a un acordo plenario que despois nos imposibilite realizar no eido práctico ese acordo. Nese sentido, e sendo congruente con todo o que acabo de dicir, non podemos votar a favor desta proposta que nos achega.

A segunda parte si que non habería ningún problema, de feito estamos traballando xa niso para que se publique en prol do plasmado na Lei de transparencia, porque xa é un mandato da Lei de transparencia, que se publiquen, non trimestralmente todos os contratos menores, senón imos dar un paso máis alá, e imos intentar que esa publicación sexa mensual, entón nese sentido con esa cuestión si que estariamos de acordo, pero coa primeira non porque sería a día de hoxe totalmente inviable.

Sr. García Seoane

Téñome que ausentar e quería intervir, que non parecera que marchaba por non votar isto, eu vou votar a favor da proposta que vén porque claro, eu estou farto de oír durante estes dous últimos anos, Lei de transparencia, se a xente fora honrada non facía falta Leis de transparencia, entón os cacos hai que atacalos e a transparencia, é dicir, a administración ten que funcionar e no contrato menor, se se quere áxil, en cidades ou municipios como o meu, non se pode estar a publicar cada dous por tres, hai que se transparente, chamar a tres empresas, darlles participación e nada máis, porque o resto desas transparencias é un escándalo, porque hai anos, hai leis neste país, había que facer publicacións e roubouse este país por todas as esquinas, polo tanto, é de ser honrados, e polo tanto hai que ser áxiles na administración, cumprir cos cidadáns e o meu voto é favorable á proposta que se trae hoxe aquí.

(Abandona o salón o Sr. García Seoane).

Vótase o primeiro punto da emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (13 do PP e 3 de Marea Atlántica)
Votan en contra: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: 2 deputados (1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños, este por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación- art. 74.1 do Regulamento orgánico).

A continuación, vótase o segundo punto da emenda:

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados (13 do PP, 8 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación- art. 74.1 do Regulamento orgánico).

Por último vótase o ditame incluíndo as emendas aprobadas:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (13 do PP, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación- art. 74.1 do Regulamento orgánico).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, Marea Atlántica e Compostela Aberta, en contra do PSOE e o BNG e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Aprobar a nova redacción da base 28 das de execución do orzamento para o 2016 que sería do seguinte teor literal:

"BASE 28ª.- CONTRATOS MENORES.

A tramitación de gastos que, pola súa contía, deban considerarse contratos menores conforme o disposto no artigo 111 e 138.3 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, adecuaranse ás seguintes normas:

A) Normas comúns a todos os contratos menores

En ningún caso poderán considerarse contratos menores aqueles que correspondan a partes ou fases dun mesmo obxecto, polo que deberá acreditarse expresamente no expediente que os servizos, subministracións e obras son

completos e independentes, e por tanto non susceptibles de continuación mediante fases ou complementos.

En todo caso procurarase a acumulación de adquisicións, prestacións ou obras que teñan idéntico obxecto ou finalidade co fin de tramitar expedientes de contratación conxuntos.

Corresponderá a quen propoña a realización dun contrato menor verificar previamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa tramitación, mediante a incorporación do documento contable de retención de créditos polo importe da proposta.

Os contratos menores terán unha duración máxima dun ano, procurarase a súa imputación ao exercicio orzamentario en que se realiza a prestación, non poderán ser obxecto de prórroga, revisión de prezos ou fraccionamento.

Admitiranse pagos parciais para esta modalidade de contratos.

A tramitación dun contrato menor inferior a 18.000 euros (IVE excluído) debe publicarse na páxina web, no caso de que ademais o órgano de Contratación decidise publicar anuncios da convocatoria en diarios oficiais ou en prensa non se liquidará importe ningún ao contratista adxudicatario polo concepto de reintegro de gastos de anuncios a cargo de contratistas.

A.1. **Tramitación xeral.-**

As propostas de contratos menores deberán remitirse ao Servizo de Patrimonio e Contratación para a súa tramitación de acordo co seguinte procedemento:

O expediente conterá unha proposta de adquisición razoada, detallada e valorada na que figurarán como mínimo os seguintes datos: obxecto, orzamento de licitación, financiamento, forma de pago, prazo de execución e dereitos e obrigacións das partes e os criterios que se utilizarán para a valoración das ofertas e a súa ponderación.

Deberá constar, así mesmo, autorización da Presidencia de acordo coas Instrucións para a coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, non podendo tramitarse o expediente sen a devandita autorización.

O Servizo de Patrimonio e Contratación solicitará as ofertas mediante a publicación da convocatoria no perfil do contratante ou mediante a realización da consulta ás empresas que propoña a unidade xestora, debendo ser as empresas propostas totalmente independentes entre si, e preferentemente as incluídas no Rexistro Oficial de Documentación de Empresas Contratistas, de conformidade co establecido na Ordenanza reguladora do rexistro de empresas contratistas da Deputación provincial da Coruña, (BOP nº 64, do 20 de marzo de 1998). No expediente deben constar consultas a, polo menos, cinco empresas ou acreditarse a súa imposibilidade.

As ofertas presentaranse, en todo caso, en sobre pechado e serán abertas en unidade de acto polo Servizo de Patrimonio e Contratación, que as remitirá á Unidade Xestora para os efectos de que emitan a correspondente valoración e proposta de adxudicación.

Así mesmo, o Servizo de Patrimonio e Contratación comprobará que a persoa física ou xurídica proposta para a execución do contrato está ao corrente das súas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación, non está

incursa nas prohibicións de contratar e reúne, por tanto, as condicións para ser contratista coa Administración pública.

No caso de que, no momento da proposta, non se poida determinar que o adxudicatario está ao día nas súas obrigacións tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación, ou que os certificados que constan son negativos, poderase informar condicionada á regularización da devandita situación con anterioridade á emisión da correspondente resolución de adxudicación.

Sobre a base das consultas realizadas, previa acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente para afrontar o gasto que comporte a proposta de adxudicación, o órgano competente ditará resolución determinando os elementos esenciais da relación contractual: datos do adxudicatario (nome, razón social, NIF ou CIF, domicilio social, etc.) obxecto, prezo, forma de pago, prazo de execución e dereitos e obrigacións recíprocas.

A.2. Tramitación simplificada

Os supostos contemplados nos apartados B.1, C.1 e D.1 poderán ser tramitados polo procedemento simplificado que se establece nos respectivos apartados, sen prexuízo de que poidan tramitarse de acordo co procedemento xeral descrito no apartado anterior.

B) Contratos menores de obras

B.1) Cando a contía das obras que se vai realizar sexa igual ou inferior a 6.000 euros (IVE excluído) será suficiente a proposta do Servizo Técnico competente contendo a descrición das obras que se han realizar e a cuantificación do seu importe, e a subseguinte achega da factura.

Deberá constar autorización da Presidencia de acordo coas Instrucións para coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, ou, na súa falta, a dita autorización poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obrigación e a ordenación do pago.

Neste suposto non será necesaria a súa tramitación a través do Servizo de Patrimonio e Contratación.

B.2) Cando o importe das obras que se vaian realizar sexa superior a 6.000 euros e inferior a 18.000 euros (IVE excluído) o expediente tramitarase de acordo co establecido no apartado A.1. Tramitación xeral

B.3) Se a contía do orzamento da obra que se vai realizar é igual ou superior a 18.000 euros e inferior a 50.000 euros (IVE excluído), o expediente conterá o orzamento de execución por contrata das obras, a memoria valorada e o proxecto técnico cando normas específicas o requiran, e adxudicarase normalmente mediante procedemento aberto (cun único criterio de adxudicación ou con multiplicidade de criterios), salvo que circunstancias de urxencia ou excepcionalidade debidamente acreditadas no expediente aconsellen utilizar o procedemento indicado no apartado A.1. Tramitación xeral.

Deberá constar, así mesmo, autorización da Presidencia de acordo coas Instrucións para coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, polo que non se poderá tramitar o expediente sen a devandita autorización.

C) Contratos menores de subministracións

A adxudicación de material, que polo seu carácter esporádico ou extraordinario, non permita a tramitación dun contrato conxunto de subministracións, tramitarase necesariamente sempre a través do Servizo de Patrimonio e Contratación e adecuarase aos seguintes criterios xenéricos, tanto se se trata de material inventariable ou non:

C.1) Cando a contía sexa igual ou inferior a 3.000 euros (IVE excluído), e non se tramiten a través do sistema de Anticipos de Caixa Fixa, as peticións tramitaranse a través do Servizo de Patrimonio e Contratación, mediante a remisión dun vale externo de petición de material, e a subseguinte achega da factura. A autorización da Presidencia poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obrigación e a ordenación do pago.

C.2) Cando a contía sexa superior a 3.000 euros e inferior a 18.000 euros (IVE excluído), o expediente tramitarase de acordo co establecido no apartado A.1. Tramitación xeral

D) Contratos menores de servizos

D.1) Cando a contía sexa inferior a 3.000 euros (IVE excluído), será suficiente a proposta da unidade xestora contendo a descrición dos servizos que se vaian prestar e a cuantificación do seu importe e a subseguinte achega da factura.

Deberá constar autorización da Presidencia, de acordo coas Instrucións para coordinación de contratos da Deputación, do 19/12/2011, ou, na súa falta, a devandita autorización poderá prestarse conxuntamente co recoñecemento da obrigación e a ordenación do pago.

Neste suposto non será necesaria a súa tramitación a través do Servizo de Patrimonio e Contratación.

D.2) Cando a contía sexa superior a 3.000 euros e inferior a 18.000 euros (IVE excluído), o expediente tramitarase de acordo co establecido no apartado A.1. Tramitación xeral

E) Asistencia técnica para a valoración dos criterios de adxudicación dos contratos.

Os profesionais non dependentes da Deputación que, polos seus coñecementos científicos, técnicos, culturais ou académicos, sexan designados para formar parte das comisións técnicas que han de valorar e ponderar os criterios de adxudicación dos contratos desta Deputación, percibirán unha remuneración por cada informe emitido de 150,00 euros, independentemente do número de sesións a que dese lugar a emisión do informe-proposta requirido.

Sobre as cantidades aboadas practicarase a retención correspondente, de acordo co previsto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Remuneración das prácticas bolseiras.

O persoal bolseiro que desenvolva na Deputación prácticas bolseiras derivadas de convenios con outras administracións ou entidades ou a través de convocatorias públicas percibirá unha bolsa de 840,56 € mensuais co obxecto de cubrir as necesidades básicas do alumno en desprazamentos, manutención e aloxamento, nos casos en que o prevexa o convenio ou as bases reguladoras.

A remuneración das prácticas bolseiras estará suxeita á normativa vixente canto a obrigacións tributarias e coa Seguridade Social."

G) Publicidade da adxudicación.

As adxudicacións de todos os contratos menores, con independencia da súa cuantía e procedemento, deben publicarse na web.

2.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada a modificación da base de execución do orzamento."

41.-RENUNCIA DE DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO Á SUA CONDICIÓN DE DEPUTADO PROVINCIAL.

Vótase a ratificación da inclusión da orde do día, que é aprobada por unanimidade, e a continuación vótase a proposición, aprobando o Pleno por unanimidade, o seguinte:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito de data 22 de marzo de 2016, con entrada no rexistro o mesmo día 22, a renuncia á súa condición de deputado provincial por don José Luis Fernández Mouriño, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, consonte ao disposto nos artigos 8.4 do Regulamento Orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte ós artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento Orgánico, a adopción do seguinte acordo:

1.-Tomar coñecemento da renuncia á súa condición de deputado provincial, presentada por don José Luis Fernández Mouriño.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Xunta Electoral Central a vacante existente, aos efectos da substitución prevista no artigo 208 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, indicando que corresponde cubrir a devandita vacante a dona Rosa

María Gallego Neira, segunda suplente dos deputados provinciais elixidos por parte do Partido Popular no partido xudicial da Coruña nas eleccións locais de 2015, segundo certificación emitida pola Xunta Electoral de Zona da Coruña".

Sr. Fernández Mouriño

Bos días, a verdade é que o outro día saía nos medios de comunicación algo relacionado que os de Marea votaban que non, non o dixen nese sentido, pero si un pouco, e ben sabes cando se fala distendido con algún medio de comunicación ás veces escápaseche algunha cousa destas. É un pouco o que acabamos de vivir no último punto, eu creo que se esas cousas se falaran iría por unanimidade esta cousa ou a outra, non tería que votar agora o Bloque en contra e despois incluír o ditame, e eu ter que esperar a que Agustín levantara a man ou non, eu creo que esas cousas na Deputación non debían pasar. Eu síntome orgulloso de que botei aquí moitos anos, trece anos van, e síntome moi orgulloso de pertencer a esta institución e de ser alcalde dun concello pequeno, pequeno quizais para os que están pensadas as deputacións, non ao mellor para que, oito membros dos que aquí están son concelleiros en cidades, cinco ou seis, como os meus veciños, Culleredo, Cambre, o propio Arteixo, o propio Oleiros que acaba de irse, concellos de máis de 1.000 habitantes, e eu sempre entendín que nesa Lei de bases de réxime local que falaba hai un momento Julio, de que as deputacións teñen que estar para evitar os desequilibrios entre unha poboación e outra e que os nenos ou os maiores duns concellos pequenos teñan case as mesmas oportunidades que outros que vivan na cidade, e para iso a Deputación estivo e está sempre, e en Carral ao mellor non poderiamos ter unha normalizadora lingüística, non poderiamos ter ao mellor socorristas no verán para as piscinas, esas actuacións folclóricas, moitas cousas que falaba Leira hai un momento que fai a Deputación, que non só é dar subvencións cando lla van pedir ao presidente ou ao distinto representante de área, que si ten que seguir existindo porque pode haber cousas puntuais, e ao Concello de Carral pasoulle, que ten que facer un acceso para un instituto, porque senón non se apertura o que é o ano escolar no seu tempo, pois ten que facerse. Igual que en Culleredo se hai que cubrir un polideportivo, ou hai que cubrir un patio cuberto, esas cousas son puntuais e realmente ten que aparecer, non sei se o 5, o 6 o 4, ou o 20% do presuposto, pero para iso está, para esas cousas, e despois o POS, e o PAS, e todos eses plans máis sectoriais, para iso xa sabemos que temos esas partidas que para iso están, pero ao mesmo tempo estanse dando tantas voltas, tantas voltas dos Grupos desto de subvencións nominativas, se un ten máis dereito ou ten menos dereitos, a verdade é que, consecuentemente, o presidente e os distintos responsables de área teñen que decidir para onde van os cartos que aquí se reciben da provincia para evitar desequilibrios.

Eu síntome máis que orgulloso e oxalá, Dios, este Dios, non teña razón, e dentro de catro anos poidamos volver outra vez a ter unha Deputación para que estas magníficas persoas, esas oitocentas, setecentas e pico que falaba Leira hai un momento, sigan facendo ese traballo pola provincia, que o fan moi ben, en recadación, en nóminas, e nunha cousa e na outra, en todo sería imposible para un concello pequeno, un concello ao mellor de 20.000 habitantes non tería que esixir tanto pero aos concellos pequenos si nos fai falta a Deputación, e apostamos para que José Manuel, e José Luis e Amparo, e Aurelio e todos sigan estando aquí dentro de tres anos e medio, que eu ao mellor volvo outra vez a estar aquí, e espero que

haxa consenso e votemos case todo, o votedes por unanimidade, porque os intereses é de todos, tanto dos das cidades como dos concellos pequenos. E as deputacións non me gustaría que desapareceran, se hai que cambiarlles de nome, se aquí hai que quitar quince ou vinte asentos, que se quiten, pero que non desaparezan as deputacións. Grazas.

Sr. Presidente

Volverás, se Dios cho permite, pero en nome da Corporación darche as grazas polas túas verbas e polos servizos prestados e desexarche o mellor no persoal e no político para os vindeiros anos. Moitas grazas.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Dios Diz

Dios vai permitir que volva o alcalde de Carral.

Hai unha primeira pregunta que xa fixemos no anterior Pleno e que ten que ver co acordo PSOE-Ciudadanos e que volvo reiterar agora, vou á parte específica da pregunta, que ten que ver coa valoración que fai o Sr. Presidente do mencionado acordo, que prevé precisamente a desaparición das deputacións provinciais. Tamén se comparte o Goberno provincial a decisión de substituír as deputacións, ou a proposta de substituír as deputacións, por un consello de alcaldes. Tamén en caso de que este acordo se concretara e as súas previsións entraran en vigor, que posición vai tomar o Goberno provincial ao respecto, e por último, con independencia de que este acordo concreto entre en vigor, e dada a asunción polos mencionados partidos do obxectivo político de eliminar as deputacións provinciais, que medidas pensa poñer en marcha este Goberno para facilitar este obxectivo e lograr así que esta sexa a última lexislatura provincial.

(Entra no salón o Sr. García Seoane).

Sr. Presidente

Contéstoche en conxunto ás preguntas, algo falamos xa no anterior Pleno sobre isto, respecto dese acordo entre dúas forzas políticas, o que contempla é a substitución das deputacións provinciais por consellos de alcaldes, vinculando o funcionamento deses consellos de alcaldes, por unha parte a unha cuestión que está na propia lei e que é asumida un pouco por todo o mundo, de que se vincule o obxectivo da Deputación sexa suplir as carencias de medios materiais, humanos e económicos dos concellos de menos de vinte mil habitantes, que son os que loxicamente teñen máis dificultades para prestar eses servizos aos cidadáns, aos veciños e veciñas, e por outra parte a substitución do método de elección de representación política nese consello de alcaldes e alcaldesas.

Polo tanto, esa é a postura, é dicir, somos conscientes loxicamente de que os concellos desta provincia necesitan un soporte, creo que queda claro en cada Pleno e en cada día a día da existencia desta institución, requiren cada vez máis asistencia económica e técnica, como dicía Antonio Leira respecto a algún Ccncello que temos

agora un pouco por instrucións da propia Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia ou por delegación de funcións e pola implicación da propia Deputación da Coruña no futuro dos seus concellos, temos que intervir ata o detalle de ter que pagar as nóminas aos traballadores, ou facer as xestións necesarias para que se poidan pagar esas nóminas, quero dicir, estamos en tempos distintos, complicados, onde cada vez os requirimentos de asistencia técnica, económica, son maiores por parte dos concellos, polo tanto, non cabería pensar que non houbera unha institución que, xa sexa pola Xunta de Galicia, ou neste caso, segundo o acordo, os consellos de alcaldes e alcaldesas, que cumpran esas funcións. Polo tanto, esa é a intención, esa é a valoración que facemos dese acordo, en calquera caso temos claro que sexa quen sexa o que preste esas funcións o Goberno provincial ten claro que esas funcións alguén as ten que cumprir, garantindo, loxicamente, a calidade nesa prestación de servizos aos concellos, que iso é o difícil e onde temos todas as dúbidas do mundo.

Sr. Soto Vivero

Isto é un rogo, non ao presidente, pero si retomando un pouco o punto anterior porque nos deixa un pouco preocupados nun sentido, nun sentido práctico de xestión do día a día de todo o proceso de contratación de todo o que ten que ver coa Deputación no día a día.

Falouse ao principio do Pleno, cando se falou dos convenios nominativos, distintos portavoces provinciais falaban da coherencia política. Eu penso que neste caso concreto esa coherencia política non se levou a cabo.

Comentaba antes o portavoz do Partido Popular que temos uns servizos provinciais colapsados, tanto en persoas que os integran tamén como en traballo do día a día. Marea Atlántica trae unha emenda á proposta da modificación da base que trae o Grupo provincial, trae unha proposta de emenda sobre algo que Marea Atlántica non practica no Goberno municipal do Concello da Coruña, ou polo menos non o ten comentado así nas súas bases de execución. O rogo é nese sentido, que fagamos unha reflexión colectiva, sobre todo os Grupos de Marea Atlántica e Partido Popular, sobre o que acaba de acontecer no punto anterior, unha reflexión colectiva sobre todo no que ten que ver coa xestión diaria dos asuntos, sobre todo desde o servizo que me corresponde a min, como responsable político, sobre todo desde o Servizo de Contratación. Que se faga esa reflexión conxunta entre eses dous Grupos porque realmente eu penso que acabamos de facerlle un fraco favor á xestión diaria dos asuntos da Deputación Provincial da Coruña, o cal vai repercutir no que antes falabamos, no que antes moi ben Antonio Leira falaba, que é que estamos aquí para prestar servizos á cidadanía, estamos para prestar servizos aos concellos, e ás veces parece que hai quen está para sacar unha nota de prensa e non para o que acabo de comentar.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

O portavoz desta materia no Goberno, entendo que é do Grupo Provincial do BNG, fixo unha referencia á actuación deste portavoz e eu o único que teño que dicir é que nós estamos cansos de que vostedes dean leccións de transparencia a este Grupo, cando están na oposición, e logo despois xustifiquen, sen ningún dato, que non son capaces de aplicar esa transparencia cando están no Goberno, se ten

vostede datos, traia os datos a este Pleno, o que non imos é prestar veracidade á opinión do señor portavoz nesta materia do BNG.

Sr. Presidente

Respecto a este punto, para acabar este punto, que é moi importante. Estamos falando de que ninguén dubida da transparencia de ninguén, por suposto, e da boa intención das emendas de Marea pero teremos que falar para chegar a un consenso para traer outra modificación aquí a Pleno porque o que acabamos de aprobar agora, sexamos conscientes, a maior parte somos alcaldes ou concelleiros, acabamos de aprobar algo, é dicir, na base anterior o que se dicía era que a partir de 1.000 euros había que sacalo a contratación, publicalo na páxina web, 1.000 euros, pretendiamos subilo a 3.000, e había unha comprensión xeneralizada ao respecto, que non me cabe a menor dúbida de que todos están de acordo, 3.000, pero é que agora acabamos de baixalo a 0 euros, é dicir, agora para comprar unha pegatina que poña "Manolo Dios non é Dios de verdade, é un apelido", unha pegatina hai que sacala a concurso público. Entón, sexamos racionais, falemos entre todos e cheguemos a un acordo razoable que, por suposto, como di ben Gelo, ninguén dubida da transparencia nin a honorabilidade de ninguén, pero o que non podemos é paralizar a administración provincial para comprar catro euros de pegatinas, iso está claro.

Sr. Dios Diz

Teño unha pregunta relacionada co Regulamento orgánico anunciado, quería saber fundamentalmente cal é o estado dos traballos da reforma do Regulamento orgánico da Deputación provincial postos en marcha por iniciativa do Goberno, e se saben algunhas das liñas dese futuro regulamento.

Sr. Presidente

Estaba preguntando ao secretario como estaba o Regulamento, el entregou a documentación ao meu Gabinete, eu non sei se che entregaron algo aínda para empezar a traballar.

Sr. Secretario

Como isto é unha cuestión de regulación deste Pleno, será o Pleno e os seus portavoces, eu hai un mes entreguei xa a documentación de base para modificar os asuntos que afectan á normativa actual, actualización e demais, pero despois quen ten que facer o Regulamento orgánico é a propia Cámara

Sr. Presidente

Hoxe mesmo se poñen en contacto con vós para empezar a traballar.

Sra. Delso Carreira

Unha pregunta máis ao respecto dunha moción que o Grupo provincial da Marea Atlántica someteu á aprobación deste Pleno no pasado 30 de decembro de 2015, relativa a realizar unha serie de traballos coa finalidade de facilitar a

retransmisión deste Pleno a través da web provincial, é dicir, que estes Plenos tamén se poidan seguir por streaming como así se fai, por exemplo, no Concello da Coruña. A devandita moción foi aprobada pola maioría dos Grupos aquí presentes, simplemente, en virtude dos feitos este Grupo Provincial traslada ao presidente a pregunta de en que estado se atopan os ditos traballos e se ten o Grupo de Goberno algún prazo marcado neste sentido. Moitas grazas.

Sr. Leira Piñeiro

En resposta a iso comentar que estamos practicamente na recta final e no principio, é dicir, eu concordo que no próximo mes, no próximo expediente de modificación de créditos levarase o que é a dotación presupostaria, que xa está, digamos, comprometida, e a partir de que se aprobe en Pleno empezaremos coas distintas obras que o salón de Plenos vai requirir, tanto neste caso de no que é a captación de imaxes, como é o propio sistema de megafonía, como o sistema de votación, etc., etc. En calquera caso, se o consideran, non teño ningún problema en ir adiantándolles xa calquera cuestión, e outras que puideran ter a ben achegarnos, farémolo tamén se é posible dentro do presuposto que temos xa en marcha.

Eu quixera aproveitar, e que non podo deixar pasar a ocasión, e non é que queira saír en defensa do meu compañeiro, de Suso, do BNG, dicirlle ao Sr. Hernández, vostede faláballe a Suso de coherencia e de predicar, voulle dicir unha cuestión, Sr. Hernández, vostede sendo alcalde de Santiago ten 3.000 euros, para gastar 3.000 euros, requírese só unha proposta de gasto e RC, simplemente darlle este dato, sendo vostede alcalde, e neste momento segue estando en vigor no Concello de Santiago, nada máis, moitas grazas.

Sr. Dios Diz

A pregunta fai referencia ao espazo web dos Grupos políticos na web da Deputación, é algo que formulei en varias ocasións neste Pleno, a raíz desta última pregunta onte notificóusenos que está operativo desde outubro, pero ninguén nos comunicou ata onte, a pesar de preguntalo reiteradamente no Pleno, creo que esta é a terceira vez que o fago, efectivamente déronsenos as claves de acceso, pero non a ruta de acceso, hoxe mesmo permitíronnos dar con esa ruta, acceder e vemos que é un espazo moi pouco operativo, calquera ademais pode acceder á páxina dos Grupos, calquera que teña a clave pode acceder a calquera dos Grupos e escribir e modificar, polo tanto, paréceme que non é absolutamente o que se pide. Isto non era o que pediamos, nin sequera é o que a Deputación ten que garantir, eu creo que cómpre resolver este asunto de forma inmediata e que se fagan as reunións técnicas que sexan necesarias para que este acceso sexa posible e que teñamos oportunidade de colgar na páxina da Deputación información dos Grupos, etc., o que sexa. Eu creo que isto tal e como está non é en absoluto operativo, e insisto en que o comprobamos hoxe e creo que ningún dos Grupos, polo menos da oposición, sabía nin claves de acceso, nin ruta de acceso, nin como está funcionando. Por iso pediría que se fagan as reunións necesarias, se son necesarias, técnicas co departamento de Informática para resolver isto definitivamente.

Sr. Presidente

Desde decembro, na Xunta de Portavoces de decembro, comunicouse xa esta posibilidade, pero ben, é unha cuestión técnica, loxicamente nós non damos instrucións de como deseñalo, polo tanto, creo que poñéndose en contacto co departamento de Informática da Deputación estarán resoltas estas cuestións.

Sr. Dios Diz

Lamento prolongar isto, aquilo de a Dios rogando e co mazo dando. Un rogo primeiro, pedir o compromiso do Goberno provincial de que se publiquen integramente nun arquivo histórico da páxina web e tamén nas novas, o texto íntegro das declaracións institucionais e das mocións aprobadas, creo que neste momento non hai acceso a estas declaracións institucionais e as mocións aprobadas, entón eu pediría que iso si que figurara.

E o segundo rogo, o rogo número dous é que as declaracións públicas que fagamos institucionais da Deputación, os minutos de silencio que se convoquen e que a Deputación promova, que se procure evitar o trato discriminatorio ou diferenciado en relación coas vítimas do terrorismo ou da violencia, segundo a orixe, a procedencia, ou a proximidade ou lonxanía dos mortos, tentar evitar a condena duns atentados e ignorar ou silenciar outros que se producen tamén, con independencia da proximidade ou lonxanía. A min paréceme moi ben, e hai que facelo, solidarizarse co pobo belga, e da mesma maneira hai que solidarizarse co pobo paquistaní, por exemplo, que acaba de sufrir un atentado terrible nun parque infantil en Lahore. Polo tanto, que tratemos de ser o máis ecuánimes posibles, aínda recoñecendo que nos doen máis, como na vida real, cando un morto é próximo a un, e nos doe ao mellor menos se está máis lonxe. Pero eu creo que, como institución, debemos de procurar o equilibro e non discriminar negativamente este feito.

Sr. Presidente

En contestación a iso, simplemente dicir que nós como institución, acostumamos atender ademais, por unha cuestión de organización das institucións deste país, os requirimentos que fai a este respecto a propia Federación Española de Municipios e Provincias onde está adherida esta Deputación, que é a que nos convoca tanto o horario como o motivo da convocatoria, habitualmente, por unha cuestión de organización, porque senón seguramente estariamos na porta, por desgraza, todos os días.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.